



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de xuño de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día seis de xuño de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(392).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de maio do 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(393).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DA INICIATIVA VIGO EDIFICIOS INTELIXENTES (IVE) EXPTE. 10621/113.

Visto o informe xurídico do 21/05/2025 e o informe de fiscalización do 28/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/05/2025,

asinado polo xefe do Servicio de Administración Electrónica e conformado polo concelleiro da Area de Goberno e polo concelleiro da Area de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 17/02/2025 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo de asistencia técnica de soporte e control do contrato de implantación Vigo Edificios Intelixentes (V.E.I.).

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 17/02/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 18 e 19/02/2025 respectivamente.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 18/03/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria xustificativa do contrato de data 11/04/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 11/04/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 11 e 14/04/2025 respectivamente.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 11/04/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 16/04/2025, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 21/04/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 20/05/2025, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos da mesma data.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 18/02/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria con múltiples criterios de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa,

incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de asistencia técnica de soporte e control do contrato de implantación Vigo Edificios Intelixentes (V.E.I.), no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 17/02/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 18 e 19/02/2025 respectivamente.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 18/03/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria xustificativa do contrato de data 11/04/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Memoria económica do contrato de data 11/04/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 11 e 14/04/2025 respectivamente.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 11/04/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 16/04/2025, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 21/04/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Contratación en data 20/05/2025, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos da mesma data.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **15.000,00 €**, que inclúe un IVE de **2.603,30 €**, dende o 1 de xullo de 2025, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2025	Soporte en programación e asesoramento	9207.2270603	12.396,70 €	2.603,30 €	15.000,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **70.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **12.148,76 €**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2026	Soporte en programación e asesoramento	9207.2270603	57.851,24 €	12.148,76 €	70.000,00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(394).- PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DO NADAL 2025-2026. EXPTE. 10942/106.

Visto o informe xurídico do 16/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/05/2025, asinado polo técnico medio en Topografía, o xefe da Area de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Area de Goberno, que di o seguinte:

A) OBXECTIVOS

A creación de espazos temáticos de Nadal ambientados con iluminación decorativa, ornamentación, exposicións e actividades de ocio e comerciais constitúe un pilar fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á área metropolitana da cidade e norte de Portugal, na procura dos seguintes obxectivos:

Obxectivo 1.- Promover unha oferta sociocultural desestacionalizada de inverno de calidade para a cidadanía que manteña a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos.

Obxectivo 2.- Acadar accións transformadoras do municipio a través da programación de actividades socioculturais de Nadal xeradoras de espazos de convivencia de especial atractivo comercial e turístico que contribúan á difusión da nosa identidade social, cultural e histórica.

Obxectivo 3.- Favorecer a cooperación entre o sector público e privado e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural nas festas tradicionais do nadal que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido social e económico local.

Obxectivo 4.- Fomentar unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, implicada na mellora da súa calidade de vida e cohesión social do municipio.

Obxectivo 5.- Impulsar un maior posicionamento da marca Vigo reforzando a súa identidade corporativa en termos de calidade e imaxe de marca, posibilitando un maior emprendemento e economía de escala.

Obxectivo 6.- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular do Nadal entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.

B) ACTUACIÓNS DE MELLORA REALIZADAS EN ANOS ANTERIORES

Tendo en conta a experiencia do Concello de Vigo en pasadas edicións da Campaña de Nadal, e a súa intención de mellora continua desta, e atendendo ás diversas suxestións e queixas da cidadanía, este Concello ven adoptando unha serie de medidas correctoras (diminución contaminación acústica, mellora da mobilidade...), algunhas delas implementadas xa en campañas anteriores, destacando, entre outras as seguintes:

- 1.- Redución do horario de funcionamento das atraccións recreativas.*
- 2.- Non prórroga da instalación das atraccións recreativas do expediente 7897/106 na rúa Rosalía de Castro-Areal II.*
- 3.- Non prórroga da instalación da pista de xeo do expediente 8954/106 na Praza de Portugal.*
- 4.- Retirada das atraccións mecánicas recreativas máis ruidosas situadas na rúa Areal (entre rúa Colón e rúa Pontevedra) e na Praza de Compostela.*
- 5.- Redución do número de atraccións de alta capacidade.*
- 6.- Traslado do “Carrusel Veneciano”, situado na rúa Concepción Areal (liberando este espazo) e reubicación deste na rúa Areal.*
- 7.- Instalación de novas atraccións recreativas e exposicións didácticas destinadas ao público infantil en detrimento das destinadas a uso familiar a fin de diminuír a contaminación acústica.*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- 8.- *Traslado das colas da nora xigante, recolócase estas na zona traseira da nora, en paralelo aos xardíns de Eijo Garay, eliminando as colas na rúa Colón.*
- 9.- *Prohibición de empregar dispositivos e mecanismos emisores de ruídos (altosfalantes, bucinas, etc...) nas atraccións.*
- 10.- *Potenciación de sistemas de información visual e/ou sonora que permiten adecuar o volume dos anuncios informativos aos niveis permitidos de emisión sónica para os avisos de inicio e fin das viaxes das atraccións recreativas.*
- 11.- *Supresión da música ambiente de rúas na contorna da rúa Areal, mantendo a instalación dos equipos para a emisión de anuncios informativos por motivos de seguridade.*
- 11.- *Baixada do volume da música ambiente en todas as rúas nas que se atopa instalada para o cumprimento da Ordenanza municipal de ruídos.*
- 12.- *Redución do horario de funcionamento da música ambiente en todas as rúas na que se atopa instalada.*
- 13.- *Liberación de espazo na Praza de Compostela, na zona máis próxima á nora, de casetas do mercadillo do Nadal a fin de facilitar a mobilidade na contorna da nora.*
- 14.- *Supresión do escenario de concertos que se viñan instalando na Praza de Compostela.*
- 15.- *Limitación do volume do fío musical do mercadillo localizado no interior da Praza de Compostela e orientación dos equipos de son e música ambiente, dirixindo o son cara o centro da Praza de Compostela.*
- 16.- *Non autorizar a iluminación do arboredo catalogado da Praza de Compostela, iluminando unicamente o resto do arboredo.*

Ademais, nesta Campaña do Nadal 2025-2026 propónse incrementar o alcance das seguintes melloras:

- 1.- *Instalación dun maior número de aseos nas zonas de maior afluencia de visitantes, máis funcionais, con fácil acceso e unha estética adecuada ao ámbito da festa.*
- 2.- *Continuar coas melloras para o acceso aos residentes no ámbito do Cíes Market, incluíndo máis elementos que contribúan a garantir o adecuado tránsito de vehículos e peonil.*
- 3.- *Seguir coa adaptación das necesidades das diferentes áreas no tocante á recollida de residuos sólidos e líquidos.*
- 4.- *Continuar e ampliar o sistema de información, en tempo real, e a través de dispositivos dixitais, dos tempos de espera das colas das diferentes atraccións e da situación do tráfico dentro do ámbito da programación da Campaña do Nadal. Así mesmo, lanzaranse avisos puntuais relacionados co desenvolvemento das actividades previstas.*

En base ao exposto e co fin de realizar unha axeitada planificación da programación do Nadal, este Centro Xestor de Comercio considera conveniente realizar a seguinte proposta:

C) PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN PARA A CAMPAÑA DO NADAL 2025-2026

1.- ILUMINACIÓN DECORATIVA E ARTÍSTICA (expte 9274/106):

Composto por 420 ud de rúas e prazas iluminadas cunha cifra superior a 11,5 millóns de puntos de luz led, que se relacionan no PPT do contrato licitado, e síntese seguinte:

* *Arcos ornamentais:* 1.161 ud.

* *Motivos ornamentais:* 2.883 ud.

* *Iluminación en árbores naturais en distintas rúas da cidade:* 2.667 ud.

* *Conxunto de elementos:*

- *Ornamentación nas fachadas de mercados de abastos e nos edificios municipais (Casa Galega da Cultura, Casa das Artes, Concello ...).*
- *Ornamentación nos monumentos: Redeiros, Porta de Tamberlick, Porta de Santa Rita ...*
- *Instalación de teitos de luz con paraugas en prazas, rotondas, cruces de rúas, pérgolas e outros espazos públicos.*

* *Árbore xigante de Nadal, sobre plataforma base escalitanata frontal enmoquetada.*

* *Elementos lumínicos 3 D (3 mtos. alto aprox.) en distintas rúas da cidade: Máis de 50 ud.*

* *Espectáculo de luz e son da Árbore Xigante de Nadal.*

* *Producción técnica con equipo de luz, son e pantalla xigante para os actos de acendido e apagado.*

Horario:

Acendido: Todos os días ás 18:00 h.

Apagado:

- De domingo a mércores: Ás 01:00 h
- De xoves a sábado, e vésperas de festivos e festivos: Ás 04:00 h
- Nas noites do 23, 24, 25, 30, 31 de decembro e nas noites do 1, 5 e 6 de xaneiro, permanecerá acendido todas as noites ata ao amencer.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

2.- ORNAMENTACIÓN CON ELEMENTOS FIGURATIVOS LUMÍNICOS VEXETAIS E NON VEXETAIS (expte 8586/106):



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

A síntese do contido conforme ao proxectos decorativos presentados en prazo inclúen:

* **Lote nº 1.- Trece sets decorativos** de Nadal con elementos vexetais efímeros e outros figurativos de estrutura de madeira, fibra de vidro, resina epoxi, con base enmoquetada, descritos no proxecto decorativo a instalar nas rúas P. Sanz, Príncipe, Eduardo Iglesias, G. Barbón, Elduayen e Barrio Histórico.

* **Lote nº 2.- Seis instalacións decorativas** lumínicas xeométricas transitables de gran porte identificadas no proxecto decorativo, subministro, montaxe, desmonte e mantemento, a instalar na rúa P. Sanz, Gran Vía, García Barbón, Vía Norte, Paseo de Alfonso e Elduayen.

* **Lote nº 3.- Doce instalacións decorativas** lumínicas non transitables de porte medio identificados no proxecto decorativo, subministro, montaxe, desmonte e mantemento da instalación, a instalar nas rúas Príncipe, P. Sanz, Vía Norte, Urzáiz, García Barbón, Paseo de Alfonso e Elduayen.

Horarios:

Todos os sets e elementos lumínicos estarán abertos de forma permanente durante toda a campaña de Nadal. A súa iluminación adecuarase ao seguinte horario:

Acendido: Todos os días ás 18:00 h.

Apagado:

- De domingo a mércores: Ás 01:00 h
- De xoves a sábado, e vésperas de festivos e festivos: Ás 04:00 h
- Nas noites do 23, 24, 25, 30, 31 de decembro e nas noites do 1, 5 e 6 de xaneiro, permanecerá acendido todas as noites ata ao amencer.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do servizo de Comercio.

3.- EXPOSICIÓN BELEN MONUMENTAL (expte 10070/106)

Con grande aceptación entre a cidadanía desde o seu inicio na Campaña 2017-2018. Os resultados recollidos superaron con creces as expectativas previstas, superando o medio millón de visitantes.

Localización: Casa das Artes

* A síntese do contido do proxecto expositivo unido ao expediente e presentado en prazo, inclúe:

- Belén Monumental.
- Belén infantil.
- Zona de exposición fotográfica.
- Zona de exposición de escenas individuais.

- Zona de photocall.

Zona de control de satisfacción.

- Data de inauguración prevista da exposición: 2ª quincena de novembro de 2025.
- Periodo expositivo: 2ª quincena de novembro a 1ª quincena de xaneiro de 2026.

Os horarios da exposición serán os seguintes:

De luns a xoves: de 17:00 h a 21:30 h.

Venres: de 10:00 h a 14:00 h e de 17:00h a 21:30h

Sábados, domingos e festivos: de 11:00h a 21:30h.

Días especiais: 5, 7, 23, 24 e 30 e 31 de decembro e 5 de xaneiro: de 12:00h a 19:00 h; días 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro de 17,00 a 21,30 h.

Visitas Guiadas: segunda semana de decembro de 10 h a 14 h, visitas guiadas de 30 minutos, dirixidas aos centros educativos e centros sociais de maiores, cun máximo de 30 persoas por quenda, previamente concertadas, e cun mínimo de 40 quendas. As visitas fixaranse segundo a orde de presentación da solicitudes a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo. As peticións deberán vir dirixidas ao Servizo de Comercio.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

4.- MEGAFONÍA DE AMBIENTE MUSICAL EN ZONAS COMERCIAIS (expte 7819/106)

Ámbito territorial de actuación:

ZONA 1: Paseo de Alfonso, rúa Elduayen, Porta do Sol, Praza da Princesa, Praza da Constitución, rúa Triunfo, Praza da Pedra, rúa Príncipe, rúa Eduardo Iglesias, rúa Velázquez Moreno, rúa Carral, rúa Policarpo Sanz e rúa Colón.

ZONA 2: rúa Camelias, rúa Pi y Margall, rúa López Mora e rúa Torrecedeira.

ZONA 3: rúa Gran Vía, rúa Urzáiz e rúa Venezuela.

ZONA 4: rúa Urzáiz, rúa Pizarro, rúa Condesa Casa Barcena e rúa Honduras.

ZONA 5: rúa Areal, rúa Colón, rúa Rosalía de Castro e García Barbón.

ZONA 6: (Navia) rúa Teixugueiras.

ZONA 7: (Bouzas), Praza Urzáiz, Praza Suárez Llanos, Praza M. de Santos, rúa Paulino Freire, rúa Pescadores e rúa Eduardo Cabello.

ZONA 8: (Teis) rúa Sanjurjo Badía, contorna mercado de Teis e rúa Pedro Alvarado.

ZONA 9: (Castrelos): Avenida Alcalde Portanet e Avenida Castrelos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Horario:

- Venres, sábados e vésperas de festivos: De 11:00 h a 14:00 h e de 17:00 h a 21:00h.
- Días restantes, domingos e festivos: De 18:00 h a 20:30 h.

As datas, os horarios e as rúas poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.- OCUPACIÓNS DEMANIAIS CON MERCADOS TEMÁTICOS DE NADAL E ATRACCIÓNS RECREATIVAS XESTIONADAS POR ENTIDADES PRIVADAS

Atendendo ás autorizacións administrativas de ocupación demanial para a xestión e aproveitamento dos seguintes emprazamentos con atraccións recreativas e outras actividades en vigor:

5.1.- Cíes Market”: mercadillo temático de Nadal e atraccións recreativas

Localización: *A desenvolver nos espazos abertos ao público da contorna da Praza de Compostela, na rúa Areal e nos xardíns Eijo Garay.*

Mercadillo (Praza de Compostela):

- * Casetas prefabricadas de venda ambulante decoradas con temática do Nadal.*
- * Carriños móbiles adicados a venda de perritos e chucherías decorados con temática do Nadal.*
- * Pérgola de madeira decorada e iluminada con temática do Nadal en todo o teito do mercadillo.*
- * Máquinas de neve artificial e son que se instalarán na pérgola.*
- * Máquinas de vending decoradas con temática do Nadal.*

Atraccións (rúa Concepción Areal, Xardíns Eijo Garay e rúa Areal- entre rúa Colón e rúa Pontevedra). Prevense as seguintes (ou similares):

- Nora adultos.*
- Nora infantil.*
- Mini pistas infantís.*
- Jumpings.*
- Casetas xogos de destreza.*
- Casetas de doces e lambetadas.*
- Carrusell clásico.*

- *Carrusell de cadeas.*

Tren turístico:

- * Tren turístico facendo un percorrido pola zona centro da cidade.

Servizos hixiénicos:

- * *Servizos hixiénicos sanitarios para dar servizo a todo o ámbito.*

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.2.- Mercado temático de Nadal no Calvario

O mercado localizarase e desenvolverase na contorna peonil da rúa Urzáiz no Calvario e comprenderá a instalación de elementos portátiles, desmontables na vía pública, para actividades recreativas, venda ambulante e restauración ocasional.

Incluirá, como mínimo:

- * *Casetas prefabricadas de venda ambulante decoradas con temática do Nadal.*
- * *2 ud. de atracciones e actividades recreativas de animación infantil con temática do Nadal.*
- * *Programación de actividades de animación de rúa.*
- * *Servizos hixiénicos sanitarios, limpeza, mantemento e seguridade da zona.*

Todos os elementos instalados estarán ornamentados e iluminados con temática do Nadal.

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.3.- Outros espazos e actividades

		Lugar
Atraccións recreativas	Carrusel clásico	Porta do Sol
	Pista de xeo	Aparcamento de Samil
	Pista de kart	Aparcamento de Samil
	Tren turístico-1	Percorrido centro cidade
	Tren turístico-2	Percorrido Zona Travesas
	Actividad expositiva/cultural/ interactiva	Explanada Náutico
Espectáculos	Circo de Nadal e actividade complementaria	<i>Praza Mestre Prudencio Rodríguez, Coia</i>

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.4.- Novos espazos ao aire libre con atraccións e actividades recreativas

Tras quedar desertos na pasada campaña as licitacións de diversos espazos abertos ao público con instalacións portátiles e/ou desmontables, propónse ampliar novamente a programación destes espazos coa incorporación de novos proxectos de actividades recreativas ocasionais preferiblemente de carácter innovador coa temática de nadal (espectáculos de inverno, atraccións 3D, mercadillo do Nadal e actividades de animación do Nadal).

O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna licitación da licenza/autorización conxunta ou individual de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública.

5.4.1 Mercado temático do Nadal na Alameda Suárez Llanos (Bouzas)

O mercado desenvolverase na Alameda Suárez Llanos e comprenderá a instalación de casetas tematizadas do Nadal desmontables, actividades recreativas, venda ambulante e restauración ocasional. Todas as instalacións deberán estar ornamentadas e iluminadas de acordo coa temática do Nadal.

Incluirá, como mínimo:

** Casetas prefabricadas con acabado, decoración e iluminación temática do Nadal formando un mercadillo do Nadal.*

** Actividades recreativas infantís con decoración do Nadal*

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

5.4.2. Pista de xeo/rampas de neve/ actividades deportivas de inverno (ou similar), tióvivo de estilo clásico e casetas do Nadal na Praza C C Vialia.

Localización: A desenvolver no espazo aberto ao público da Praza do C C Vialia. Incluirá:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

** Pistas de xeo/rampas de neve/actividades deportivas de neve (ou similar) con dúas zonas diferenciadas: infantil e adulto.*

** Casetas prefabricadas que poderán acoller actividades expositivas interactivas ou venda ambulante, con acabado, decoración e iluminación temática do Nadal.*

** Tiovivo de estilo clásico.*

Horario:

- Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h
- Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h
- Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h
- Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 H, peche ás 22:00 h.

Estas datas e horarios poderanse alterar puntualmente dependendo das necesidades do Servizo de Comercio.

6.- OUTRAS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO NADAL

Obxectivo: Consiste nunha programación de actos institucionais de apertura e peche do Nadal, así como actividades de animación sociocultural dirixidas á dinamización comercial e participación da cidadanía.

Lugar: Porta do Sol e principais zonas comerciais.

Público obxectivo: Poboación en xeral.

Tarefas e accións: O desenvolvemento do programa concrétase no deseño, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades que se detallan a continuación:

6.1.- Acto de acendido e apagado das luces

Localización: Porta do Sol

Data prevista do acto de acendido: 2ª quincena de novembro de 2025

Data prevista do acto de apagado: 1ª quincena de xaneiro de 2026.

Retransmisión en directo mediante streaming, pantalla xigante destinada ao público asistente, con desenvolvemento de efectos especiais.

6.2.- Casa de Papá Noel e Carteiro Real

Organización e contratación da prestación de servizo de atrezzo e personaxes, localizada na caseta ambientada no Nadal na rúa Policarpo Sanz, dende a 2ª quincena do mes de novembro ata a 1ª quincena do mes de xaneiro.

Horario: diario, en todo o período de 17:00 a 21:00 h, e, a maiores, os sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 14:00 h.

6.3.- Visitas de Papá Noel e Carteiro Real ás zonas comerciais

Selección e posterior organización e contratación de visitas a zonas comerciais dende a 2ª quincena do mes de novembro ata a primeira semana do mes de xaneiro.

Os percorridos previstos a realizar, e que poderán ser sometidos a cambios en funcións das necesidades do Servizo, realizaranse nas rúas e prazas das principais áreas comerciais da cidade:

- Calvario.
- Travesas.
- Torrecedeira.
- Entorno Xeral.
- Travesía de Vigo.
- Teis.
- Balaidos.
- Navia.
- Coia.
- Bouzas.

6.4.- Actividades de animación de rúa en zonas comerciais.

Selección e posterior organización e contratación de actuacións de pequeno formato (corais, grupos folclóricos, pasarrúas de rondallas, bandas de gaitas, animacións infantís, eventos gastronómicos, etc..)

6.5.-Actividades de dinamización na zona centro da cidade

Lugares: Porta do Sol, rúa Policarpo Sanz, rúa Colón, Casa Galega da Cultura, lugares de culto e contorna destes espazos.

Preténdese a realización de concertos musicais de pequeno formato destinados ao público en xeral: orfeón de corais, concertos matinais de bandas de música, vocais, barroco, panxoliñas; proxeccións interactivas de luz e son e inmersivas sobre o chán ou fachada, etc.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

D.- ESTUDO ACÚSTICO DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS

En todas aquelas actividades onde se poidan xerar ruídos procedentes de altosfalantes, anuncios informativos, maquinaria e instalacións das atraccións recreativas e xogos infantís; as empresas adxudicatarias dos lotes afectados deberán presentar un estudo acústico previo a montaxe de tales equipos e instalacións susceptibles de emisión de ruídos molestos para a cidadanía ao obxecto de evitar o incumprimento da normativa vixente.

No caso de que o estudo acústico determine a imposibilidade do cumprimento da normativa de ruídos, a empresa adxudicataria deberá solicitar ao Servizo Xestor, ao amparo do artigo 9 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído (tamén, o artigo 7 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia), a posibilidade de suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica, tendo en conta os seguintes requisitos e límites:

- Carácter de excepción e restritivo da aplicación do precepto.
- Con motivo da organización de actos de especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga cun espazo temporal corto.
- Medidas necesarias a adoptar e condicionantes para garantir a mínima incidencia acústica durante a suspensión provisional e temporal dos obxectivos de calidade acústica.
- Limitando os niveis sonoros de emisión durante o período de excepción.

Así mesmo, cómpre sinalar, tamén, que entre as posibles condicións ás que pode someterse a suspensión solicitada é a limitación de horario de funcionamento das instalacións. Lémbrese que segundo a OMRV os niveis de ruído máximo admisibles redúcense considerablemente a partir das 22:00 horas.

Non se poderá instalar ningún tipo de maquinaria, nin montar equipos ou instalacións que poidan xerar ruídos sin a xustificación e verificación previa do cumprimento da Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións do Concello de Vigo, ou se acorde a suspensión provisional dos obxectivos de calidade acústica.

E.- MEDIDAS COMPLEMENTARIAS

- Continuar coa tramitación dun **estudo do tráfico de vehículos** que conteña a reordenación do mesmo en superficie co obxecto de facilitar a fluidez e tránsito dos residentes das zonas afectadas e en particular as persoas de mobilidade reducida.

- **Seguir co control da contaminación acústica** nas zonas de influencia da programación do Nadal ao obxecto de garantir o cumprimento da normativa de ruídos e a ordenanza municipal, incluíndo as melloras realizadas nos últimos anos.
- Reubicación de **prazas afectadas para persoas con mobilidade reducida**.
- **Continuar traballando na ampliación do espazo peonil actual** no ámbito da programación do Nadal, co obxecto de dotar dunha maior fluidez e en evitación da concentración de público e prevención de grandes aglomeracións,
- **Continuar co reforzo do servizo de limpeza e baleirado de papeleiras** e reubicación dos colectores das rúas de maior concentración, mobilidade e ornato, cara a espazos secundarios.
- **Reubicación ou retirada se procede, do mobiliario urbano** afectado pola Programación do Nadal.
- **Seguir coas medidas implantadas de protección sobre as zonas verdes e arboredo afectado**.
- **Continuar coa mellora da sinalética informativa (aparcamentos, primeiros auxilios e sentidos de circulación nos carrís peonís).**
- **Seguir co reforzo do control policial**, principalmente durante os días de gran afluencia.
- **Continuar traballando no reforzo e habilitación as zonas de aparcamento**, con aparcamentos disuasorios e lanzadeiras de comunicación coas zonas do ámbito do Nadal.

Polo anteriormente exposto, elévase a Xunta de Goberno Local, como órgano competente para a aprobación do programa segundo Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Aprobación da programación de Nadal 2025-2026.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo na páxina web do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Dar traslado aos servizos municipais afectados da programación de Nadal 2025-2026.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

4(395).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 98637/332.

Visto o informe de fiscalización do 29/05/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a prevención e control da lexionelose nos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (98637-332)

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a prevención e control da lexionelose nos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (98637-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de marzo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo servizo para a prevención e control da lexionelose nos Colexios Públicos e Escolas Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 13/02/2025 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 17/02/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación do servizo servizo para a prevención e control da lexionelose nos Colexios Públicos e Escolas Municipais.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 184.222,50 euros (152.250,00 euros máis 31.972,50 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación do servizo servizo para a prevención e control da lexionelose nos Colexios Públicos e Escolas Municipais., con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9910 “Estudos e Traballos técnicos”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa

inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 40.938,33 euros correspondentes ao ano 2025;*
- 61.407,50 euros correspondentes ao ano 2026;*
- 61.407,50 euros correspondentes ao ano 2027;*
- e 20.469,17 euros correspondentes ao ano 2028.*

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 8 de maio de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a prevención e control da lexiónelose nos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (98637-332) na seguinte orde descendente:

	<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
1	<i>GALIDES, SL</i>	<i>97,50</i>
2	<i>AGRONERGA, SL</i>	<i>86,29</i>
3	<i>EZSA SANIDAD AMBIENTAL, SL</i>	<i>84,12</i>
4	<i>KINDLING, SLU</i>	<i>76,07</i>
5	<i>INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL, SL</i>	<i>28,05</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALIDES, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALIDES, SL, o día 9 de maio de 2025, que presenta a documentación requirida os días 13, 19 e 21 de maio de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figuran a constitución da mercantil, o nomeamento do seu representante, así como, no ROLECE, a clasificación da mercantil e, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, os certificados positivos de débedas da AEAT, ATRIGA e TXSS.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo M - Subgrupo 1 - Categoría 1) presentan a clasificación Grupo M - Subgrupo 1 - Categoría 1.
- Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Seguro de caución por un importe de 6.090,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de maio de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GALIDES, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GALIDES, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 29 de abril de 2025 e 5 de maio de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GALIDES, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo para a prevención e control da lexiónelose nos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (98637-332) por un prezo total do contrato de 147.378,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.578,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(396).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA PINTOR COLMEIRO, ENTRE A RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA TARRAGONA”. EXPTE. 2078/441.

Visto o informe de fiscalización do 29/05/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Vigo Vertical de implantación de ramplas mecánicas na rúa Pintor Colmeiro, entre a rúa Álvaro Cunqueiro e a rúa Tarragona” (2078-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Vigo Vertical de implantación de ramplas mecánicas na rúa Pintor Colmeiro, entre a rúa Álvaro Cunqueiro e a rúa Tarragona” (2078-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de febreiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS OITO MIL SEISCENTOS CORENTA E CATRO EUROS con OITENTA E SETE CÉNTIMOS (2.508.644,87 €), segundo a distribución de anualidades proposta.

2025	1.918.713,53 €
2026	589.931,34 €
TOTAL	2.508.644,87 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 20.01.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1539.609.00.69 – proxecto de gasto 24153969 (Vigo Vertical Pintor Colmeiro) por importe de 1.918.713,53 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 1539.609.00.69, crédito por importe de 589.931,34 €.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 9 de maio de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Vigo Vertical de implantación de ramplas mecánicas na rúa Pintor Colmeiro, entre a rúa Álvaro Cunqueiro e a rúa Tarragona” (2078-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ORECO BALGON, SA	95,40
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	93,00
3	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL - CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU	92,30
4	CIVIS GLOBAL, SLU	92,17
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	88,01

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, SA, o día 9 de maio de 2025, que presenta a documentación requirida o 21 de maio de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no/s que figura a constitución da mercantil e o nomeamento do seu representante, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, ATRIGA e TXSS.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo G - subgrupo 6 - categoría 3 e Grupo J - subgrupo 1 - categoría 4) presentan a clasificación Grupo G - subgrupo 6 - categoría 4 e Grupo J - subgrupo 1 - categoría 4, esta última aportada polo terceiro.
- A documentación do empresario individual coa que se integra parte da solvencia (clasificación Grupo J - subgrupo 1 - categoría 4).
- Seguro de caución por un importe de 93.835,76 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de maio de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGON, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO BALGON, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de abril e 5 de maio de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORECO BALGON, SA o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Vigo Vertical de implantación de ramplas mecánicas na rúa Pintor Colmeiro, entre a rúa Álvaro Cunqueiro e a rúa Tarragona” (2078-441) por un prezo total do contrato de 2.270.825,33 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 394.110,18 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(397).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “SERIES MUNICIPAIS E G.P. CIDADE DE ATLETISMO”. EXPTE. 24750/333.

Visto o informe xurídico do 07/05/2025 e o informe de fiscalización do 28/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/05/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director Deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 15.04.25 a entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO** solicitou ó Concello de Vigo unha subvención polo desenvolvemento do proxecto deportivo “Series Municipais e Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo”

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 19.450,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo da competición
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento de ingresos e gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Estatutos.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- Certificado da composición da xunta directiva.
- NIF da entidade, DNI do representante legal da entidade.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso, o desenvolvemento na cidade de Vigo das Series Municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo ten unha transcendencia moi relevante no ámbito do atletismo galego e nacional.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a fomentar o deporte de alto nivel.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións, ou coa propia dinámica competitiva.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística nun estrato de poboación moi concreto, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade do proxecto. Esta subvención, ademais, consta

nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.4800017 no orzamento da Concellería de deportes do ano 2025.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de máximo nivel autonómico, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, coa participación dós es dás mellores deportistas da modalidade no ámbito de Galicia.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos da cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Estes datos identifican claramente a envergadura do proxecto, cunha repercusión importante e coa presenza dos e das mellores deportistas da modalidade.

Esta competición serve de escaparate para a cidade, promovendo obxectivos en liña cos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade do deporte”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
 - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
 - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Participación en grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
 - Promoción da cidade de Vigo e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que este proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2025, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dunha resolución que se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00€ á entidade Federación Galega de atletismo (CIF G15103500) pola organización das Series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo a través dunha resolución cuxas condicións, anexas no presente expediente, se someten a aprobación.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 15.000,00€ para subvencionar á Federación Galega de atletismo (CIF G15103500) polo desenvolvemento do proxecto deportivo Series municipais e Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo, segundo resulta da documentación do expediente nº 24750-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800017 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO "SERIES MUNICIPAIS E G.P. CIDADE DE ATLETISMO" (Expte. 24750-333).

I.- O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo Series Municipais e Gran Premio Cidade de Vigo de atletismo.

II.- O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

III.- Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

IV.- O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V. A entidade Federación Galega de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24750-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo das Series Municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo, se establecen os seguintes compromisos:

COMPROMISOS

Primeiro.- A entidade Federación Galega de Atletismo deberá:

1º.- Organizar as Series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo, nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.

3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades

5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.

6º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.

7º.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder ó Federación Galega de Atletismo unha subvención pola organización das Series municipais e o Gran Premio Cidade de Vigo de Atletismo por importe de 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800017 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sexto.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación

utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo cuarto.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

7(398).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR- AÑO 2025 (1º). EXPTE. 103037/140.

Visto o informe de fiscalización do 27/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2025.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificac.</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	12025000003136	9120.2269900	300,00	296,10	07/01/25	25/02/25	07/04/25	3,90	---
Abalde Comesaña Raquel	12025000003137	9120.2300000	300,00	197,83	07/01/25	10/04/25	07/04/25	102,17	---
Abalde Comesaña Raquel	12025000003139	9120.2200100	800,00	1.031,94	07/01/25	28/02/25	07/04/25	----	231,94
Abalde Comesaña Raquel	12025000003140	9120.2310000	300,00	328,48	07/01/25	25/02/25	07/04/25	----	28,48
Abalde Comesaña Raquel	12025000004409	9120.2279910	500,00	496,10	17/01/25	21/01/25	17/04/25	3,90	---
Barbará Rodríguez Beatriz	12025000013221	3380.2260910	834,44	834,44	05/02/25	10/03/25	05/05/25	----	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003868	1320.2200000	300,00	278,96	14/01/25	02/04/25	14/04/25	21,04	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003870	1320.2269900	1.000,00	138,14	14/01/25	04/04/25	14/04/25	861,86	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003871	1320.2219900	1.000,00	461,03	14/01/25	15/04/25	14/04/25	538,97	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003877	1320.2120000	1.000,00	31,05	14/01/25	07/04/25	14/04/25	968,95	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003878	1320.2140000	1.200,00	199,90	14/01/25	07/04/25	14/04/25	1.000,10	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003879	1320.2190000	1.000,00	96,80	14/01/25	08/04/25	14/04/25	903,20	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003880	1320.2230000	2.000,00	895,40	14/01/25	09/04/25	14/04/25	1.104,60	---
Carballo Acuña Alberto	12025000004406	1320.2312000	200,00	4,85	17/01/25	15/04/25	17/04/25	195,15	---
Carballo Acuña Alberto	12025000004407	1320.2250200	3.000,00	2.255,58	17/01/25	15/04/25	17/04/25	744,42	---
Carballo Acuña Alberto	1202500019945	1320.2250200	300,00	87,47	27/02/25	05/05/25	27/05/25	212,53	---
Couce Senra Óscar	12025000004408	1532.2312000	300,00	----	17/01/25	15/04/25	17/04/25	300,00	---

Couce Senra Óscar	12025000004553	1532.2250100	600,00	549,20	20/01/25	16/04/25	20/04/25	50,80	---
Domínguez Pereira Beatriz	12025000007904	9201.2260300	14.000,00	10.646,69	27/01/25	22/04/25	27/04/25	3.353,31	---
Fernández Fernández Paz	12025000020238	2310.4810000	400,00	400,00	03/03/25	09/04/25	03/06/25	----	---
García Álvarez Luis	12025000005746	2311.4800000	4.000,00	3.850,00	21/01/25	09/04/25	21/04/25	150,00	---
García Álvarez Luis	12025000027229	4313.2260300	37,20	37,20	19/03/25	16/04/25	19/06/25	----	---
García Álvarez Luis	1202500039910	3371.2250000	263,45	263,45	16/04/25	25/04/25	16/07/25	----	---
Vega Andión Óscar M.	12025000007999	9207.1620000	3.000,00	3.000,00	28/01/25	27/02/25	28/04/25	----	---
Vivero Mijares Antonio	12025000012920	4310.2269901	7.316,00	6.462,00	04/02/25	03/04/25	04/05/25	854,00	---
TOTAL			43.951,09	32.842,61				11.368,90	260,42

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das orden de pago a xustificar n.º 12025000003137 de Abalde Comesaña Raquel e n.º 12025000003871 de Carballo Acuña Alberto.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranter.	✓	

Resultado da fiscalización:

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 12025000003137 de Abalde Comesaña Raquel e n.º 12025000003871 de Carballo Acuña Alberto non se rendiron no prazo normativamente establecido.	



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

PROPOSTA

A Base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2025 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a ese órgano a aprabación das seguintes:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificac.</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	12025000003136	9120.2269900	300,00	296,10	07/01/25	25/02/25	07/04/25	3,90	---
Abalde Comesaña Raquel	12025000003137	9120.2300000	300,00	197,83	07/01/25	10/04/25	07/04/25	102,17	---
Abalde Comesaña Raquel	12025000003139	9120.2200100	800,00	1.031,94	07/01/25	28/02/25	07/04/25	----	231,94
Abalde Comesaña Raquel	12025000003140	9120.2310000	300,00	328,48	07/01/25	25/02/25	07/04/25	----	28,48
Abalde Comesaña Raquel	12025000004409	9120.2279910	500,00	496,10	17/01/25	21/01/25	17/04/25	3,90	---
Barbará Rodríguez Beatriz	12025000013221	3380.2260910	834,44	834,44	05/02/25	10/03/25	05/05/25	----	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003868	1320.2200000	300,00	278,96	14/01/25	02/04/25	14/04/25	21,04	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003870	1320.2269900	1.000,00	138,14	14/01/25	04/04/25	14/04/25	861,86	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003871	1320.2219900	1.000,00	461,03	14/01/25	15/04/25	14/04/25	538,97	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003877	1320.2120000	1.000,00	31,05	14/01/25	07/04/25	14/04/25	968,95	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003878	1320.2140000	1.200,00	199,90	14/01/25	07/04/25	14/04/25	1.000,10	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003879	1320.2190000	1.000,00	96,80	14/01/25	08/04/25	14/04/25	903,20	---
Carballo Acuña Alberto	12025000003880	1320.2230000	2.000,00	895,40	14/01/25	09/04/25	14/04/25	1.104,60	---
Carballo Acuña Alberto	12025000004406	1320.2312000	200,00	4,85	17/01/25	15/04/25	17/04/25	195,15	---
Carballo Acuña Alberto	12025000004407	1320.2250200	3.000,00	2.255,58	17/01/25	15/04/25	17/04/25	744,42	---
Carballo Acuña Alberto	1202500019945	1320.2250200	300,00	87,47	27/02/25	05/05/25	27/05/25	212,53	---
Couce Senra Óscar	12025000004408	1532.2312000	300,00	----	17/01/25	15/04/25	17/04/25	300,00	---

Couce Senra Óscar	12025000004553	1532.2250100	600,00	549,20	20/01/25	16/04/25	20/04/25	50,80	---
Domínguez Pereira Beatriz	12025000007904	9201.2260300	14.000,00	10.646,69	27/01/25	22/04/25	27/04/25	3.353,31	---
Fernández Fernández Paz	12025000020238	2310.4810000	400,00	400,00	03/03/25	09/04/25	03/06/25	----	---
García Álvarez Luis	12025000005746	2311.4800000	4.000,00	3.850,00	21/01/25	09/04/25	21/04/25	150,00	---
García Álvarez Luis	12025000027229	4313.2260300	37,20	37,20	19/03/25	16/04/25	19/06/25	----	---
García Álvarez Luis	1202500039910	3371.2250000	263,45	263,45	16/04/25	25/04/25	16/07/25	----	---
Vega Andión Óscar M.	12025000007999	9207.1620000	3.000,00	3.000,00	28/01/25	27/02/25	28/04/25	----	---
Vivero Mijares Antonio	12025000012920	4310.2269901	7.316,00	6.462,00	04/02/25	03/04/25	04/05/25	854,00	---
TOTAL			43.951,09	32.842,61				11.368,90	260,42

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(399).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "FUNDACIÓN IGUAL ARTE", PARA AXUDAR AO FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 12087/320.

Visto o informe de fiscalización do 27/05/2025, sométese a aprobación o informe proposta de data 07/05/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro-delegado, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29/01/2025, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), achegou escritos (docs. 250020257, 250020354, 250081132, 250081142 e 250106536) os que solicita a tramitación dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2024-2025, a realizar entre o 1/10/2024 e o 30/09/2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, D^a M^a Cristina Lago Pérez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A Fundación Igual Arte, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e as Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 02/04/2025.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 07/04/2025.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 02/04/2025.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 07/02/2025.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (01/10/24 - 30/09/25)	IMPORTE
Persoal de mantemento	9.484,00 €
Calefacción	3.000,00 €
Luz	500,00 €
TOTAL	12.984,00 €

INGRESOS	IMPORTE
----------	---------

Recursos propios	2.984,00 €
Subvención Concello	10.000,00 €
TOTAL	12.984,00 €

8. Certificación do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Fundación Igual Arte, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 851/03, segundo resolución da Alcaldía de data 05/06/2003.

V. O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

VI. En data 01/02/2025 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e en data 03/02/2025 a Quinta tenente de Alcalde e concelleira de área de goberno de Emprego, Participación Cidadá, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas asinan a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 07/02/2025 da tesourería municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

Este expediente ten por obxecto a tramitación dunha subvención prevista nominativamente nos vixentes orzamentos municipais á Fundación Igual Arte para o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre o 1 de outubro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa Fundación Igual Arte.

Segundo recolle o art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “Fundación Igual Arte”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubrindo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Fundación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigas e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF.- G36427524), con domicilio social na Rúa Palencia 34 de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 12087/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025) sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concretase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola “*Fundación Igual Arte*” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no

momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/24 e o 30/09/25, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2025**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios. subvención, así como, os correspondentes xustificantes bancarios.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VII. PUBLICIDADE



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

VIII. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

IX. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 10.000,00 € (dez mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890012 denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2025.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Fundación Igual Arte*” (CIF.- G36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 10.000 € (dez mil euros).

TERCEIRO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES, DIRECTAMENTE RELACIONADAS, NECESARIAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), con domicilio social Rúa Palencia, nº 34, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 12087/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. influen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos

intereses públicos a aqueles aos que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “*Fundación Igual Arte*”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubrindo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Fundación Igual Arte*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o 2025, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*” nominativa a favor da entidade, con unha asignación orzamentaria de 10.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2025, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente, agrúpanse en tres programas fundamentais:

1. Centro ocupacional



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

2. Centro de día
3. Programa artístico

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, situado na Rúa Palencia, 34, entre os meses de outubro de 2024 a setembro de 2025, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é o seguinte:

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2024 - setembro 2025)	IMPORTE
Persoal de mantemento	9.484,00 €
Calefacción	3.000,00 €
Luz	500,00 €
TOTAL	12.984,00 €

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, asistencial... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Fundación Igual Arte*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Fundación Igual Arte* comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Fundación Igual Arte*” unha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de outubro de 2024 a setembro de 2025, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respetar a estrutura organizativa da “*Fundación Igual Arte*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre outubro de 2024 ata setembro de 2025.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Fundación Igual Arte* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2025**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electronicamente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electronicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1.Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- 2.Datas e lugar de celebración.
- 3.Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- 4.Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
- 5.Actuacións realizadas.
- 6.Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "X" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electronicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...

- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo.
 - Xustificante do contrato de traballo rexistrado no SEPE.
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Distritos, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “Fundación Igual Arte” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES66 2100 1774 2102 0004 2194 (CaixaBank).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2024 e o 30/09/2025.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá e Distritos. A xefatura de Participación Cidadá ou persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2025).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

9(400).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE XUVENTUDE, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO. EXPTE. 46751/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/05/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e polo concelleiro da Área de Goberno (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOPPO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolvemento en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente en data 13.01.2024 a súa provisión definitiva, previa a calendarización xeral efectuada nas actuacións municipais de provisión definitiva, e atendendo á situación de vacante do posto de traballo tras declaración de xubilación do efectivo asignado ao mesmo, tramitada en expediente nº 43.461-220, e en garantía do normal funcionamento do servizo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de forma máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentenza da Audiencia Nacional de 12 Xuñ. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante, e tal e como sinala a STXG 338/2018 cando *“la justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido”*, engadindo que *“En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”*

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto singularizado de xefatura de Festas, en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica, máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de traballo obxecto de convocatoria, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encastrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024, e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, resultantes da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a de Xuventude, mediante o sistema de concurso específico, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Conce-

llo de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE XUVENTUDE POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva do posto de traballo vacante "Xefe/a de Xuventude" e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 183, do xoves 19.09.2024, coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a Xuventude
- Servizo no que se adscribe: Xuventude
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 3330101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media.
- Grupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 26.681,90 €
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Unidade publicada no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude as persoas aspirantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos como persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TRLEBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TRLEBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

O persoal funcionario de carreira que desexe participar nesta convocatoria o solicitará presentando por medios electrónicos a instancia -segundo modelo facilitado polo Concello de Vigo na páxina web do Concello- no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo da Área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e éstas serán vinculantes para a persoa peticionaria do posto, sendo o destino adxudicado irrenunciante, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión da persoa aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo de reclamacións. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nas sedes e medios anteriormente sinalados, ou poderán impugna-la directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado.

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación, integrándose polos seguintes méritos avaliábeis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)"

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de Administracións Públicas. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase con 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "Arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere convinte acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- a) Pola valoración do traballo desenvolto
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteo

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente/a, tres vogais, e un secretario/a e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos, cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, dacordo co establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a acordar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia, e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos a persoa funcionaria pública poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación, diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal, o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

10(401).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE MUSEOS MUNICIPAIS POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO ESPECIFICO. EXPTE. 46508/220.

Visto o informe de fiscalización do 03/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/06/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOPPO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación

da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolvemento en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente en data 12.05.2025 a súa provisión definitiva, tras a solicitude motivada pola Área de Xestión Patrimonial e Territorial, indicando a necesidade de proveer definitivamente o posto de traballo, que se atopa temporalmente cuberto en comisión de servizos tramitada en expediente nº 43.002-220, con convocatoria pública aberta a personal de calquera Administración Pública.

Efectuado un trámite de audiencia aos sindicatos, documentado no expediente, para que por un prazo de 10 días hábiles puidesen presentarse alegacións, consta documentado en dilixencia de constancia (trámite 47 do expediente) a falta de presentación de alegacións ao respecto da proposta da Área de Xestión Patrimonial e Territorial referida.

Emitido informe-proposta ao órgano municipal competente (Xunta de Goberno Local) e fiscalizada a proposta en forma favorable pola Intervención Xeral Municipal (trámite 66 do expediente, sinatura electrónica de 15/05/2025) o expediente se remite novamente á Área de Recursos Humanos e Formación.

Pola instrutora asinante se detecta que durante a permanencia do expediente nº 46.508-220 na Intervención Xeral incorpóranse en data 13/05/2025 dous novos trámites (o 59 e o 60); trámites nos cales constan dous acuses de recibo web de notificacións electrónicas enviadas en data 10/04/2025 (notificación número 53772-2025) ao sindicato nacional de CCOO, verificándose tales acuses de recibo ao recibir o expediente fiscalizado.

Amáis delo, consta a comunicación, en data 10/04/2025, ao sindicato nacional de CCOO da posta a disposición documentación relativa ao trámite de audiencia por vía SMS, correo electrónico aos enderezos (en número de 3 direccións) e número de teléfono proporcionados conforme ao establecido na vixente Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo; constando ditas comunicacións efectuadas por persoal administrativo da Área de RRHH e Formación na sinalada data 10/04/2025 (trámites 34, 35, 36 e 37) segundo a información obrante na aplicación xestora de expedientes para o expediente nº 46.508-220.

Sen prexuízo do antedito, e en garantía da debida audiencia sindical, estimouse necesario solicitar informe á xefatura do Servizo de Administración Electrónica respecto da posta a disposición e accesos ás notificacións enviadas co número 53772-2025, observando o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais. Informe que se emite en data 22/05/2025 (trámite 74 do expediente) e no cal se sinala, entre outras cuestións, que "consta efectivo envío dos avisos de notificación electrónica nos trámites 34 a 37 (CRO-SMS) sen que poidamos constatar a recepción dos mesmos".



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

En garantía da debida audiencia no presente procedemento, foi considerado que o SN de CCOO dispuña do prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao do acuse de recibo da notificación (recibida o 13/05/2025) documentándose na dilixencia de constancia nº 3 (trámite 75 do expediente) que, transcorrido dito prazo, non consta a presentación de alegacións no período comprendido entre o 14/05/2025 e o 27/05/2025 (ambos inclusive)

Expostas tales incidencias, procede a tramitación correspondente do expediente administrativo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeráse polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira

da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, de acordo con as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveeranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de forma máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentenza da Audiencia Nacional de 12 Xuñ. 2013, Rec. 49/2013).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Non obstante, e tal e como sinala a STXG 338/2018 cando *“la justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido”*, engadindo que *“En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”*

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión dos postos singularizados de xefatura, en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica, máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de traballo obxecto de convocatoria, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024, e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, resultantes da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a de Museos Municipais, mediante o sistema de concurso específico, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE MUSEOS MUNICIPAIS POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva do posto de traballo vacante "Xefe/a de Museos Municipais" e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 183, do xoves 19.09.2024, coas seguintes características:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Denominación do posto: Xefe/a Museos Municipais
- Servizo no que se adscribe: Museos
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 140101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media.
- Grupo: A1/A2
- Titulación requirida: 1 (licenciatura universitaria ou equivalente)/ 2 (diplomatura universitaria ou equivalente)
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 26.681,90 €
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Unidade publicada no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude as persoas aspirantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos como persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo ou de calquera das Administracións públicas territoriais (Administración do Estado; Administración das CCAA; Entidades integrantes da Administración Local)

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TRLEBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TRLEBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

O persoal funcionario de carreira que desexe participar nesta convocatoria o solicitará presentando por medios electrónicos a instancia -segundo modelo facilitado polo Concello de Vigo na páxina web do Concello- no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo da Área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e éstas serán vinculantes para a persoa peticionaria do posto, sendo o destino adxudicado irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión da persoa aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo de reclamacións. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nas sedes e medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnala directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación, integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anteriorida-

de á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.
- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.
- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.
- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de Administracións Públicas. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase con 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciones, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborárase dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "Arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere convinte acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolto
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concurra
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteo

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente/a, tres vogais, e un secretario/a e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos, cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, dacordo co establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houbese, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a acordar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia, e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos a persoa funcionaria pública poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación, diferir o cesamento



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciárase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal, o cómputo do prazo iniciárase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a mesma data,

consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

11(402).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A ELECTROMECÁNICOS, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO. EXPTE. 46749/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/05/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e polo concelleiro da Área de Goberno (R.A. 07/05/2025), que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022, e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOPPO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023 (expediente electrónico n.º 40.934/220)

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

Na relación de postos de traballo vixente (BOPPO núm. 183, do xoves 19 de setembro do 2024) figura o posto de traballo obxecto da convocatoria, tendo sido resolto polo órgano municipal competente en data 21.05.2025 a súa provisión definitiva, en segunda convocatoria tras a declaración de deserta da primeira convocatoria por falta de aspirantes que reunisen os requisitos establecidos nas bases da convocatoria (expediente nº 44.254-220) consonte á calendarización efectuada nas actuacións municipais da dita provisión definitiva.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-BREVE REFERENCIA XERAL AO MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballo nas entidades locais vén determinada polas previsións contidas no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

fronte á lexislación autonómica sobre función pública, que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018).

O artigo 168 do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) determina que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeranse polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) realiza unha remisión en materia de provisión ás normas que regulen esta clase de procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas contempladas no propio TRLEBEP.

Por tal razón, o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa:

- Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente, o citado TRLEBEP, a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e TRRL (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEPG- e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, no que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RXI, de aplicación supletoria no eido local)
- Regulamentos e ordenanzas locais.
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario do Concello de Vigo, e Convenio colectivo dos empregados laborais integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobados polo Pleno da Corporación, respectivamente, en sesión de data 28.12.1998.

II.- SOBRE A PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polo persoal funcionario proveeranse en convocatoria pública polos procedementos

de concurso de méritos ou de libre designación, dacordo con las normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións Públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que estean reservados ou podan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexeráse polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dicte a Administración del Estado.

O artigo 78 do TRLEBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de forma máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño do posto convocado (Sentenza da Audiencia Nacional de 12 Xuñ. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante, e tal e como sinala a STXG 338/2018 cando *“la justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido”*, engadindo que *“En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”*

Neste senso, a relación de postos de traballo correspondente ao ano 2022 contén memoria que inclúe xustificación individualizada da provisión do posto singularizado de xefatura de Festas, en atención a faceta funcional específica que require dos titulares de ditos postos coñecementos amplos do campo concreto de actuación de que se trate, para as que habilite a formación adquirida polo grado de titulación académica, máis coñecementos complementarios para a especialización funcional que implica o seu desempeño.

III.- SOBRE O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA DO ÓRGANO

Constan no expediente bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto obxecto de convocatoria, que se incorporan como anexo á proposta de acordo; bases que



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024, e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024, resultantes da negociación colectiva desenvolta coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases e convocatorias é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL.

IV.- SOBRE A PRECEPTIVIDADE DA FISCALIZACIÓN PREVIA DO EXPEDIENTE

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

V.- PROPOSTA DE ACORDO

En coherencia co anteriormente exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para a provisión definitiva do posto de traballo vacante de Xefe/a de Electromecánicos, mediante o sistema de concurso específico, contidas no ANEXO I do presente acordo, que forma parte inseparable do mesmo.

SEGUNDO.- Convocar por segunda vez o procedemento para a provisión definitiva do posto de traballo referenciado no apartado anterior, tras a declaración de deserta da primeira convocatoria, tramitada en expediente nº 44.254-220.

TERCEIRO. - Publicar a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Conce-

llo de Vigo, dispoñendo que o anuncio co extracto da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA SEGUNDA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE ELECTROMECÁNICOS POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO ESPECIFICO

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión definitiva do posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 183, do xoves 19 de setembro do 2024, coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a Electromecánicos
- Servizo no que se adscribe: Electromecánicos
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 4440101
- Escala: Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior- Subescala Técnica Media.
- Grupo: A1/A2
- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 28.794,50 €
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Departamento, publicadas no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en con-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

ta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude as persoas aspirantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos como persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TRLEBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TRLEBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

O persoal funcionario de carreira que desexe participar nesta convocatoria o solicitará presentando por medios electrónicos a instancia -segundo modelo facilitado polo Concello de Vigo na páxina web do Concello- no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo da Área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e éstas serán vinculantes para a persoa peticionaria do posto, sendo o destino adxudicado irrenunciabile, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de

finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión da persoa aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo de reclamacións. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de persoas admitidas e excluídas con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo de 1 mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nas sedes e medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnalas directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado.

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación, integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)"

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de Administracións Públicas. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase con 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster universitario oficial: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "Arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

As persoas aspirantes serán convocadas para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere convinte acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- a) Pola valoración do traballo desenvolto
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteo

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente/a, tres vogais, e un secretario/a e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos, cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, dacordo co establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a acordar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia, e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento,

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos a persoa funcionaria pública poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación, diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal, o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

12(403).- PROPOSTA DE INADMISIÓN DA SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 07.04.2022 DE RESOLUCIÓN DE RECURSO EN RELACIÓN COA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO 2021. EXPTE. 39314/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 19/05/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I- En data 12/05/2025, Dº J.L. CASTRO GONZÁLEZ mediante documento 250110295, solicita a revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/04/2022 (adoptado na tramitación do expediente administrativo 39314-220) e máis concretamente pide:

-que se declare a nulidade de pleno dereito do citado acordo pola que se excluían 4 prazas de sarxento pola quenda de promoción interna da OEP 2021

-modificar a convocatoria da OEP 2020-2021-2022 (2ª fase) para que as prazas (2) actualmente convocadas na quenda libre, pasen a integrarse na quenda de promoción interna, ben incorporándoas ao proceso de promoción interna en curso ou reservándoas para a próxima oferta de emprego público.

-modificar a convocatoria da OEP 2020-2021-2022 (2ª fase) para que a praza de cabo actualmente convocada na quenda libre pase a integrarse na quenda de promoción interna, ben incorporándoa ao proceso de promoción interna en curso ou reservándoa para a próxima oferta de emprego público.

II.- O acto agora cuestionado, adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 07/04/2022 no expediente 39314-220 , dispoñía o seguinte:

*“Estimar parcialmente, en base o informe que antecede, o recurso presentado na data 25/01/2022, polo Sr. D. Marcos Lorenzo, con DNI **1167** * contra o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión extraordinaria de 23/12/2021 polo que se aproba a Oferta de Emprego Público para o ano 2021, (BOP de data 29/12/2021, e no DOG de 30/12/2021), excluindo da referida Oferta de Emprego Público as catro prazas de Sarxento de Extinción de Incendios pola quenda de promoción interna.” (..).*

-O citado acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 21/04/2022 e no Diario Oficial de Galicia de data 23/06/2022.

Non consta que fose recorrido ante a vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I- Supostos de revisión de oficio de actos administrativos. Requisitos e límites da revisión.

O artigo 106 da vixente Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que:

“1. Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1.

2. Asimismo, en cualquier momento, las Administraciones Públicas de oficio, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma si lo hubiere, podrán declarar la nulidad de las disposiciones administrativas en los supuestos previstos en el artículo 47.2.

3. El órgano competente para la revisión de oficio podrá acordar motivadamente la inadmisión a trámite de las solicitudes formuladas por los interesados, sin necesidad de recabar Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma, cuando las mismas no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 47.1 o



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

carezcan manifiestamente de fundamento, así como en el supuesto de que se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales.

4. Las Administraciones Públicas, al declarar la nulidad de una disposición o acto, podrán establecer, en la misma resolución, las indemnizaciones que proceda reconocer a los interesados, si se dan las circunstancias previstas en los artículos 32.2 y 34.1 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público sin perjuicio de que, tratándose de una disposición, subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma.

5. Cuando el procedimiento se hubiera iniciado de oficio, el transcurso del plazo de seis meses desde su inicio sin dictarse resolución producirá la caducidad del mismo. Si el procedimiento se hubiera iniciado a solicitud de interesado, se podrá entender la misma desestimada por silencio administrativo.”

-Á súa vez, o artigo 110 da mesma lei dispón que:

“Las facultades de revisión establecidas en este Capítulo, no podrán ser ejercidas cuando por prescripción de acciones, por el tiempo transcurrido o por otras circunstancias, su ejercicio resulte contrario a la equidad, a la buena fe, al derecho de los particulares o a las leyes.

Unha primeira análise da normativa citada, lévanos a comprobar que os supostos que poden provocar que a administración teña que proceder á revisión dos seus actos, son os estritamente taxados no artigo 47.1 da mesma LPACAP, que establece que:

“Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:

a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.

b) Los dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio.

c) Los que tengan un contenido imposible.

d) Los que sean constitutivos de infracción penal o se dicten como consecuencia de ésta.

e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados.

f) Los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición.

g) Cualquier otro que se establezca expresamente en una disposición con rango de Ley.”

É dicir, un “numerus clausus” sen que dea lugar a interpretación ou aplicación por extensión a outros supostos que non sexan os estritamente aí regulados.

A revisión é un remedio “excepcional” dentro do procedemento administrativo, que exige, en primeiro lugar, a concorrencia clara dunha causa de nulidade como requisito “sine qua non”, para reabrir un procedemento con prazos xa fenecidos, e que non poida quebrar o principio de seguridade xurídica (STS de 13 de xullo de 2004).

E tal e como veu establecendo o mesmo Alto Tribunal «Debe recordarse, a estos efectos, que la acción de nulidad también constituye una vía excepcional cuando concurre alguno de los supuestos previstos legalmente como causas determinantes de la revisión, y que taxativamente están enumerados, debiéndose interpretar de forma restrictiva tanto los

supuestos, como su contenido y alcance, todo ello en virtud del principio de seguridad jurídica(...)" (STS de 20 de decembro de 2005)

Ademais, a causa legal cuxa concorrencia se invoque, deberá estar suficientemente motivada ou razoada, o que require non só invocar o dereito, senón que de maneira trascentende encaixar os feitos nos que se funda dita causa ao caso concreto. É dicir, o precepto impón con carácter xeral a claridade das solicitudes onde, como requisito, deberán expresarse os feitos en que se funda a causa de nulidade, os fundamentos para considerar aplicable a causa de nulidade invocada, e a petición. (STS de 03 de decembro de 2020).

Debe polo tanto o interesado fundamentar, de xeito razoado, que a actuación da administración que se denuncia e cuxa revisión se solicita, constitúe un soposto de feito claro e manifesto dos motivos de nulidade recollidos na lei, e non unha simple invocación vaga, imprecisa ou carente dunha mínima motivación xurídica.

De aí que, como garantía deste deber de motivación, para preservar o principio de seguridade xurídica, a propia lei, no apartado 3 do citado 106, establece a posibilidade de que o órgano competente poida acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes de revisión sen necesidade de recabar o Ditame do órgano consultivo procedente, cando as mesmas non se basen en algunha das causas de nulidade do artigo 47.1 ou carezan manifestamente de fundamento, así como no suposto no que se tivesen desestimado en cuanto ao fondo outras solicitudes substancialmente iguais.

E dito artigo debemos completalo conforme a xurisprudencia anteriormente exposta, no senso de que, non é suficiente con invocar de xeito xenérico unha causa das previstas no artigo 47, senón que, ademais, se debe de razoar xurídicamente o encaixe dos feitos denunciados no suposto invocado.

En esta mesma liña, a Sentenza STS de 17 de novembro de 2006, xa establecía que:

"(...)si la Administración apreciase, con razonable fundamento y motivación, que no existe en modo alguno, de manera ostensible e indubitada, motivo alguno de nulidad radical que conduzca a la pretendida declaración de nulidad, nada le impide resolver denegando la prosecución del trámite, sin someter a la consulta del Consejo de Estado, una petición de nulidad carente de la más mínima base, ya que de lo contrario se convertiría al Alto Consejo Consultivo en un órgano a disposición de los particulares ejercitantes de dicha acción, y no del Gobierno y de la Administración"».

Por outro lado, e sen prexuízo do anterior, tal e como recollíamos anteriormente ao citar o artigo 110 da mesma LPACAP, viamos como a propia lei establece ademais unha serie de límites das actuacións de revisión, posto que non poderán ser exercidas cando por prescripción de accións, polo tempo transcurrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares o ás leis.

Nesta mesma liña, a xurisprudencia tamén veu establecendo que, o propio principio de seguridade xurídica, esixe que se manteñan situacións que crearon dereitos a favor de suxeitos determinados, suxeitos que confían na continuidade das relacións xurídicas xurdidas de actos firmes da administración que non foron impugnados en tempo e forma, polo que había razóns para consideralos definitivos e actuar en consecuencia (STS 23 de outubro de 2000 e 29 de novembro de 2005).

2.- Análise fáctico e xurídico do caso concreto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Partindo dos supostos concretos da revisión, requisitos e límites establecidos na propia lei e completados pola xurisprudencia expostos no apartado anterior, pasamos a analizar os feitos concorrentes no suposto concreto, e a motivación da petición da solicitude do interesado.

Tal e como se recollía nos antecedentes, o acto agora discutido é o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 07/04/2022 no expediente 39314-220 que recollía:

*“Estimar parcialmente, en base o informe que antecede, o recurso presentado na data 25/01/2022, polo Sr. D. Marcos Lorenzo, con DNI **1167** * contra o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión extraordinaria de 23/12/2021 polo que se aproba a Oferta de Emprego Público para o ano 2021, (BOP de data 29/12/2021, e no DOG de 30/12/2021), excluindo da referida Oferta de Emprego Público as catro prazas de Sarxento de Extinción de Incendios pola quenda de promoción interna.” (...).*

-O citado acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 21/04/2022 e no Diario Oficial de Galicia de data 23/06/2022.

É dicir, con dito acto, mediante a resolución dun recurso de reposición presentado por un interesado, previa audiencia ás representacións sindicais lexitimadas para a negociación colectiva no Concello de Vigo, modificábase a oferta de emprego público do ano 2021, aprobada en data 23/12/2021 (BOP de data 29/12/2021, e no DOG de 30/12/2021), excluindo da referida oferta as catro prazas de Sarxento de Extinción de Incendios pola quenda de promoción interna.

Sen entrar aínda nunha análise exhaustiva do escrito presentado polo agora solicitante, comprobamos unha serie de incongruencias na solicitude, na que se recolle o seguinte:

-que se declare a nulidade de pleno dereito do citado acordo pola que se excluían 4 prazas de sarxento pola quenda de promoción interna da OEP 2021

-modificar a convocatoria da OEP 2020-2021-2022 (2ª fase) para que as prazas (2) actualmente convocadas na quenda libre, pasen a integrarse na quenda de promoción interna, ben incorporándoas ao proceso de promoción interna en curso ou reservándoas para a próxima oferta de emprego público.

-modificar a convocatoria da OEP 2020-2021-2022 (2ª fase) para que a praza de cabo actualmente convocada na quenda libre pase a integrarse na quenda de promoción interna, ben incorporándoa ao proceso de promoción interna en curso ou reservándoa para a próxima oferta de emprego público.

É dicir, a propia petición xa recolle unha pretensión que excede do obxecto do acordo de 07/04/2022 agora cuestionado (no referido a unha praza de cabo do servizo de extinción de incendios, sobre a que non había pronunciamento por non ser obxecto do acordo).

E por outro lado, súmase unha nova desviación na pretensión ao pretender, a través dunha errónea petición de modificación da convocatoria da OEP 2020-2021-2022, modificar unha

oferta pública de emprego (regulada no artigo 70 de TREBEP), que é o verdadeiro instrumento a través do cal, as administracións acordan anualmente as vacantes concretas con asignación orzamentaria que se ofertan para paliar as necesidades de recursos humanos coas que contan, e conforme ás limitacións establecidas na taxa de reposición de efectivos aplicable en cada caso.

E precisamente é a oferta de emprego público a que establece igualmente o réxime de acceso a esas vacantes ofertadas (quenda libre ou promoción interna) debendo as convocatorias posteriores axustarse en todo momento ao inicialmente aprobado na propia OEP. É dicir, que se unha convocatoria recolle que determinadas prazas se cubrirán polo sistema de acceso libre ou pola quenda de promoción interna, é porque así se establecía na correspondente Oferta de emprego público, sen que se poida modificar vía convocatoria eses sistemas de acceso, senón é a través dunha previa modificación anterior da OEP.

Este exceso de petición ou falta de limitación ao obxecto do acto administrativo agora cuestionado, xa sería, de por si, motivo suficiente para a súa inadmisión a trámite, pero aínda así recolleremos outra serie de razóns que fundamenten máis aínda a proposta final.

A solicitude baséase principalmente na cita de varios artigos do TREBEP (de maneira desconexa) nos que se establece que as Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional (citanse deste texto legal os artigos 16.3 c) 18.4, 19.2 e 53). Alega igualmente que o acto agora atacado, incumpre o deber de motivación do artigo 35 da propia LPACAP.

En base ao anterior, o interesado tenta argumentar que, a supresión das prazas pola quenda de promoción interna, supón un incumprimento do mandato legal de incentivar a promoción que perxudica a carreira profesional, considerando como como "vicio formal esencial" susceptible de nulidade de pleno dereito conforme ao artigo 47.1 e) da LPACAP.

Pois ben, en primeiro lugar cómpre dicir que o acto cuestionado está perfectamente motivado, de xeito preciso e conciso, coa enumeración da normativa de aplicación ao caso, acompañada de xurisprudencia destacada na materia, ao cal nos remitimos integramente na súa fundamentación.

Que a lei promova que se facilite a promoción interna, non significa que se deba nunca substituír plenamente as formas ordinarias e obrigadas de acceso ao emprego público, que son as quendas libres (Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de xaneiro de 2006).

Pois, en caso contrario, reducindo o acceso libre á mínima expresión en favor da promoción interna nos procesos selectivos, suporía baleirar de contido un dereito fundamental como é o acceso á función pública en condicións de igualdade (artigo 23.2 da CE).

Polo tanto, as alegacións do interesado carecen de todo fundamento. En primeiro lugar porque se fai unha crítica xeral do acto cuestionado sen facer unha discusión sucinta e razoada daqueles apartados concretos nos que se entenda que non están supostamente motivados.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

E segundo porque, máis alá de referencias vagas e imprecisas de certos artigos, non se razoa xurídicamente o encaixe dos feitos denunciados no suposto de nulidade concreto invocado (como esixe, entre outras a STS de 03 de decembro de 2020).

E por último, e sen prexuízo de todo o anterior, debemos lembrar unha vez máis os límites do artigo 110 da LPACAP, no senso de que, as facultades de revisión non poderán ser exercidas cando por prescripción de accións, polo tempo transcurrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares o ás leis.

Pois ben, no presente suposto hai que ter en conta ademais o momento procedimental onde nos atopábamnos dentro da 2ª fase da OEP-2020-2021-2022, no que foi presentado o escrito de revisión, e que non foi outro que no instante en que xa estaba aberto o prazo de solicitudes para que as persoas candidatas poidesen anotarse para participar nos diferetes procesos que foron convocados logo da súa publicación no BOE.

É dicir, máis alá xa do interés público tutelado, no instante preciso en que se pretende a revisión, xa hai dereitos de particulares afectados que confían na continuidade das relacións xurídicas xurdidas de actos firmes da administración que non foron impugnados en tempo e forma (STS 23 de outubro de 2000 e 29 de novembro de 2005), polo que a actuación pretendida polo agora interesado, podería transgredir algún dos límites citados do artigo 110, e máis concretamente os límites da boa fe o o dereito dos particulares.

-Conclusións:

-o escrito presentado excede na súa petición da revisión do obxecto do acto agora cuestionado, desviándose a outras pretensións distintas que non foron tratadas no acordo de 07/04/2022 do expediente 39314-220, cuxa validez se discute.

-a petición carece dun mínimo fundamento razoado que permita motivar que o acto cuestionado incorre realmente en algún dos suposto concretos de nulidade dos taxados no artigo 47.1 da LPACAP.

- o feito de pretender a revisión dun acto administrativo que decaeu firme hai máis de tres anos, sen que fose recorrido en vía xursidicional, nin tampouco ningún dos seus actos de execución posteriores, esperando xusto a que se abrise o prazo de solicitudes para que as persoas candidatas poidesen anotarse para participar nos diferetes procesos que foron convocados, podería transgredir algún dos límites do artigo 110 da LPACAP, como son os principios de boa fe e afectar ao dereito dos particulares.

A solicitude presentada, carece pois dun mínimo fundamento que poida dar lugar á tramitación do procedemento de revisión previsto, polo que procede acordar a súa inadmisión a trámite sen necesidade de recabar dictamen do Consello Consultivo de Galicia, de acordo cos feitos e fundamentos xurídicos expostos.

-COMPETENCIA

Correspóndelle a competencia á Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) h) e k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local así como o artigo 106 LPACAP.

Á vista do exposto, e coa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO- Inadmitir a trámite a solicitude de revisión de oficio presentada por Dº J.L. CASTRO GONZÁLEZ, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/04/2022, adoptado na tramitación do expediente administrativo 39314-220, por carecer manifestamente de fundamento dita solicitude, conforme aos feitos e fundamentos xurídicos expostos.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(404).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE PROGRAMADOR/A INFORMÁTICO CON CARGO A PRAZA VACANTE (OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2021). EXPTE. 45208/220.

Visto o informe de fiscalización do 02/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/05/2025, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Polo Servizo de Administración Electrónica solicítase persoal interino coa categoría de programador informático, con cargo a OEP 2021 (acordo de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2021).

II.- Consta incorporado ao expediente, informe de verificación da previa da oficina administrativa da Área de Recursos Humanos e Formación, no que se recolle o seguinte entre outros:

“(…)De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o nomeamento como programador informático ao candidato que se



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

relaciona a continuación, que aceptou o nomeamento e presentou mediante rexistro electrónico a documentación requirida para o efecto:

F BARROS RIVEIRA con DNI ***1696** (posición da lista de reserva núm.1)

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia."

III.- En data 28/05/2025, a técnica de Avaliación e Formación emitiu informe de cuantificación económica.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que

opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“La cobertura de praza vacante”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma. No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

*“Custo Posto 105 Período **01/06/2025-31/12/2025***

Aplicación orzamentaria Retribucións básicas 92071200300 : 5913,22 €

Aplicación orzamentaria Retribucións Complementarias C. Destino 92071210003: 4.270,00 €

Aplicación orzamentaria Retribucións Complementarias C. Específico 92071210103 8.640,59 €

Aplicación orzamentaria Seguridade Social empresa: 92071600000: 5.186,63 €

SALARIO BASE	CD 22	C ESPECÍFI-	PAGAS EX-	S.S. EMPRESA	TOTAL
---------------------	--------------	--------------------	------------------	---------------------	--------------

TRA XUÑO-					
CO 88			DIC		
5.168,76 €	4.270,00 €	8.640,59 €	744,56	5.186,63 €	24.010,54 €

No caso de manterse o nomeamento no ano 2026 e seguintes, deberán efectuarse os oportunos AFUTs nos exercicios orzamentarios correspondentes”.

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

VIII.- PROPOSTA DE ACORDO:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Programador informático
- Modalidade legal: persoal funcionario interino con cargo a vacante, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra a) do TREBEP).
- Destino: Servizo de Administración Electrónica
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario, coa duración contemplada na normativa vixente, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) do TREBEP, sen que, en ningún, caso a duración poida superar o período de tres anos de duración.
- Custe económico: *Custo Posto 105 Período 01/06/2025-31/12/2025*

PAGAS EX- C ESPECÍFI- TRA XUÑO-					
SALARIO BASE	CD 22	CO 88	DIC	S.S. EMPRESA	TOTAL
5.168,76 €	4.270,00 €	8.640,59 €	744,56	5.186,63 €	24.010,54 €

Aplicación orzamentaria Retribucións básicas 92071200300 : 5913,22 €

Aplicación orzamentaria Retribucións Complementarias C. Destino 92071210003: 4.270,00 €

Aplicación orzamentaria Retribucións Complementarias C. Específico 92071210103 8.640,59 €

Aplicación orzamentaria Seguridade Social empresa: 92071600000: 5.186,63 €

- Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Programador informático e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

-F BARROS RIVEIRA con DNI ***1696**

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de

traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, ao Servizo de Administración electrónica, Inspección de persoal, Intervención, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e Comité de Empresa aos efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(405).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2025. EXPTE. 6087/330.

Visto o informe xurídico do 07/05/2025 e o informe de fiscalización do 29/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/05/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 18 de abril do 2025, a “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para a financiación do programa anual de concertos do 2025; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente co obxecto de asinar un convenio con esta entidade para regular, polo importe de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “ **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O obxectivos da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

PROGRAMACION 2025

A programación obxecto deste convenio terá lugar no Teatro e no Auditorio da Sede de Afundación ás 20:00 horas segundo o seguinte cadro:

Orden	Fecha	Intérprete
1.	09/12/2024	Orfeón Terra Nosa
2.	09/01/2025	Real Filharmonia de Galicia
3.	13/01/2025	J.A. Álvarez Parejo – Belén Elvira
4.	10/02/2025	Miyu Shindo
5.	13/02/2025	Orquesta Sinfónica de Galicia
6.	19/02/2025	Real Filharmonia de Galicia
7.	10/03/2025	Cuarteto Quiroga
8.	07/04/2025	Wiener Cammer Synphonie
9.	11/04/2025	Real Filharmonia de Galicia
10.	05/05/2025	Sandra Pastrana y Sebastián Marine
11.	15/05/2025	Real Filharmonia de Galicia
12.	19/05/2025	Sexteno de la Sinfónica de Hamburgo
13.	02/06/2025	Quinteto Viento y Cuerda OSG
14.	01/10/2025	Grand Chappel
15.	06/10/2025	Piano Quintet
16.	23/10/2025	Orquesta Sinfónica de Galicia
17.	10/11/2025	Arabel Moráquez
18.	12/11/2025	Real Filharmonia de Galicia

Queda excluído o concerto do 12 de novembro do 2025 por encontrarse fóra do período subvencionable (do 15.11.2024 ao 10.11.2025)

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 92.430 € (noventa e dous mil catrocentos trinta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Cotas de socios: 76.800 €
- Axustes de déficit a asumir pola entidade: 630 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, achegouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 30 de abril do 2025 (doc. 250100106)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Sociedad Filarmónica de Vigo para a organización da programación anual de Concertos 2025, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica”, para a organización do programa anual de concertos 2025, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Sociedad Filarmónica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” ten como obxecto financiar a organización da programación anual de concertos 2025, figurando na aplicación 3340.480.00.20 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 15.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2024 a 10 de novembro do 2025, e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará conxuntamente aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 15.000 € (quince mil euros) á “Asociación Cultural Sociedad Filarmónica”, CIF. G36652881, para o financiamento da programación anual de concertos 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 “ SOCIEDAD FILARMÓNICA VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Sociedad Filarmónica que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación anual de concertos 2025.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS DO 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, D. AVELINO SAN LUÍS COSTAS, na súa condición de presidente da entidade “ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO”, CIF G-36.652.881, con enderezo social na rúa Camelias, 52, CP 36211, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fé deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.-A “ ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual. O obxectivo da Entidade son fomentar o coñecemento da música clásica entre a sociedade e acceder ao maior número de persoas posibles; Asímesmo facilita o acceso ao alumnado dos conservatorios e das escolas de música de Vigo dándolles entrada gratuíta para todos os concertos.

II.- *Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**”, como medio que é de promover a música culta na cidade.*

III.- *Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.20, como subvención nominativa, a favor da “ **SOCIEDAD FILARMÓNICA VIGO, PROGRAMA DE CONCERTOS** a cantidade de 15.000 euros.*

IV.- *Que a “**ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VIGO**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- *De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar este convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos 2025 (iniciado o 9 de decembro do 2024), que se detalla na

documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 92.430 € (noventa e dous mil catrocentos trinta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 15.000 €
- Cotas de socios: 76.800 €
- Axustes de déficit a asumir pola entidade: 630 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación obxecto deste convenio terá lugar no Teatro e no Auditorio da Sede de Afundación ás 20:00 horas segundo o seguinte cadro:

Orden	Fecha	Intérprete
1.	09/12/2024	Orfeón Terra Nosa
2.	09/01/2025	Real Filharmonia de Galicia
3.	13/01/2025	J.A. Álvarez Parejo – Belén Elvira
4.	10/02/2025	Miyu Shindo
5.	13/02/2025	Orquesta Sinfónica de Galicia
6.	19/02/2025	Real Filharmonia de Galicia
7.	10/03/2025	Cuarteto Quiroga
8.	07/04/2025	Wiener Cammer Synphonie
9.	11/04/2025	Real Filharmonia de Galicia
10.	05/05/2025	Sandra Pastrana y Sebastián Marine
11.	15/05/2025	Real Filharmonia de Galicia
12.	19/05/2025	Sexteno de la Sinfónica de Hamburgo
13.	02/06/2025	Quinteto Viento y Cuerda OSG
14.	01/10/2025	Grand Chappel
15.	06/10/2025	Piano Quintet
16.	23/10/2025	Orquesta Sinfónica de Galicia
17.	10/11/2025	Arabel Moráguez
18.	12/11/2025	Real Filharmonia de Galicia

Queda excluído o concerto do 12 de novembro do 2025 por encontrarse fóra do período subvencionable (do 15.11.2024 ao 10.11.2025)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1) Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Avelino Manuel San Luis Costas, presidente da entidade.
- 2) Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3) Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6) Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- 7) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8) A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia do recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (15.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao

galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados dende o 15 de novembro do 2024 ao 10 de novembro do ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a cada unha das actividades financiadas, que se xustifiquen

coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará conxuntamente aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais

actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos

municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO PROGRAMA DE CONCERTOS 2025

1. GASTOS

Concepto	Importe en euros
Actividades e concertos	74.300,00
Gastos secretaría	4.800,00
Gastos mantemento	3.500,00
Imprenta	3.600,00
Seguros e impostos	4.030,56
Afinación e reparación de pianos	2.200,00
TOTAL	92.430,00

2. INGRESOS

Concepto	Importe en euros
Cuotas socios	76.800,00
Subvención Concello de Vigo	15.000,00
Ajustes de déficit a asumir por la entidad	630,00
TOTAL	92.430,00



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

15(406).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE “SALA ÁRTIKA S.L.” PARA O FINANCIAMENTO DA PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA SALA ÁRTIKA NO MES DE XANEIRO DO 2025. EXPTE. 6098/330.

Visto o informe xurídico do 07/05/2025 e o informe de fiscalización do 29/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/04/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O día 24.04.2025, a entidade SALA ÁRTIKA S.L.(CIF B-09950072) presenta na sede electrónica do Concello escrito de solicitude de subvención para o financiamento da **PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA SALA ÁRTIKA, MES DE XANEIRO DO 2025**

Por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade “SALA ARTIKA S.L.” xestiona dende o ano 2014 a SALA ÁRTIKA, un espazo adicado ás artes escénicas, que naceu co obxectivo de achegar o teatro a todos os cidadáns de Vigo, reivindicar as artes escénicas como opción de ocio e a creación de novos públicos.

A programación caracterízase por estar formado por un conxunto de espectáculos que abranguen diferentes artes escénicas como danza, monicreques, comedia musical, dramas, co obxectivo de que o público poida apreciar os diferentes xéneros.

Figuran entre os obxectivos da Sala Artika SL os seguintes: Ofrecer unha programación continua de calidade; Promocionar e difundir espectáculos de diferentes compañías de nivel local e autonómico; Fidelizar aos maiores nas artes escénicas mediante a divulgación e achegamento do teatro, programando espectáculos que teñan contidos para os intereses que poidan ter os distintos tipos de espectadores; Integrar aos distintos grupos sociais, independentemente do sector ao que pertenza; Promover as artes escénicas, dándolle cabida tanto ás compañías que teñen unha ampla traxectoria e espectáculos de gran formato, como ás compañías de recente creación con proxectos unipersoais.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Lugar: Sala Ártika

Datas:

DATA	COMPAÑÍAS - ESPECTÁCULO	COMUNIDADE	FUNCIONS
11/01/2025	AINÉ PRODUCIÓNS – O ÚLTIMO HOME	GALICIA	1
12/01/2025	AINÉ PRODUCIÓNS – O ÚLTIMO HOME	GALICIA	1
17/01/2025	TALÍA TEATRO – UNHA INIMIGA DO POBO	GALICIA	1
18/01/2025	TALÍA TEATRO – UNHA INIMIGA DO POBO	GALICIA	1
19/01/2025	TALÍA TEATRO – UNHA INIMIGA DO POBO	GALICIA	1
25/01/2025	ÁRTIKA CÍA – NON PASARÁN	GALICIA	1
26/01/2025	ÁRTIKA CÍA – NON PASARÁN	GALICIA	1
			7

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 7700 € (sete mil setecentos euros) , dos que o Concello de Vigo achegará 6.000 € e a empresa 1700 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L., rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á SALA ÁRTIKA S.L. (CIF B-09950072) para o financiamento da **PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA SALA ÁRTIKA, MES DE XANEIRO DO 2025**, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade SALA ÁRTIKA S.L. deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L. ten como obxecto financiar a organización da Programación das Artes Escénicas na Sala Ártika, xaneiro 2025, figurando na aplicación **3340.470.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L. é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 6.000 € (seis mil euros) á entidade SALA ÁRTIKA S.L. CIF. B-09950072, para o financiamento da Programación das Artes Escénicas na Sala Ártika, xaneiro 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación “ARTIKA, PROGRAMA ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1) É de responsabilidade da Entidade :

- a) A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- b) A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- c) Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

- 2) Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA Dña. Fernanda Barrio Barcala, administradora da entidade
- 3) Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 4) Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 5) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 6) A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 7) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE achega recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das **facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade e acreditar o pagamento efectivo dos gastos correspondentes** ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- **So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En**

consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consoante aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(407).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN CEIP VALLE INCLÁN”. EXPTE. 6713/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/05/2025, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración Xeral, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación, co conforme dos concelleiros da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, os días 12 e 13 de decembro de 2024, resolveron autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil Capitel Arquitectura Ingeniería e Innovación SL (CIF B36975845).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de "EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN CEIP VALLE INCLÁN, VIGO ", redactado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo.

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais en data 12.05.2025 informa que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 13.05.2025 resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

IV.- O obxecto do presente proxecto é a construción dun tramo de muro de peche sito na parcela do Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Valle Inclán, en Avda. do Alcalde de Lavadores, en Vigo. Referencia catastral 4846436NG2744N0001RT.

Para a construción do muro, contéplanse as seguintes actuacións:

1. Contención

Construción dun muro de contención de mampostería continuando a aliñación paralela do muro orixinal situado na zona de terreo retirada do parque infantil.

Recheo de formigón para ancorar as barras de ancoraxe ao muro orixinal desde dúas alturas, un terzo e dous terzos da altura do muro orixinal.

2. Instalacións

Instalación de gabia drenante e manta xeotextil no trasdós do muro orixinal para a recollida de auga sen lavado de áridos e conexión á rede de pluviais existente.

3. Urbanización

Recheo con terra na zona baleirada entre o muro orixinal e o novo muro de escollera, volvendo a xerar a zona de recreo do colexio.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) Meses.

V.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 22.05.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

Tendo en conta o Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993 vixente, debido á declaración de nulidade de Ordenación Municipal de Vigo PXOM-08, segundo sentenza do Tribunal Supremo recurso casación núm. 1658/2014. En aquelas zonas onde o PXOU-93 non se axusta á realidade urbanística existente no término municipal, é de aplicación o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), elaborado polos Servizos Técnicos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e aprobado definitivamente o 24 de Xullo de 2019.

O presente proxecto non altera a cualificación existente establecida na Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, versión para aprobación inicial, datado en xullo de 2021 e aprobado o 26 de agosto de 2021 polo Pleno do Concello de Vigo.

Segundo a documentación gráfica do IOP a parcela encóntrase clasificada como solo urbano, cuxo uso é cultural, non encontrándose afectado por ningún elemento do Catálogo (2008) do vixente PXOM de Vigo nin dentro dunha área de protección. A actuación proposta non ten incidencia urbanística xa que céntrase na reconstrución parcial dun elemento existente con características similares.

Por outro lado, os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN CEIP VALLE INCLÁN, VIGO” redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E OITO MIL SEISCENTOS SESENTA EUROS con OITENTA E OITO CÉNTIMOS (178.660,88 €), asinado no mes de abril de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(408).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIÓCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN TEMPORAL DO USO DE ESPAZO NA CASA REITORAL DA PARROQUIA DE STA MARÍA DE VIGO. EXPTE. 9888/336.

Visto o informe xurídico do 29/05/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/05/2025, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, a concelleira delegada de Xuventude e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES XURÍDICOS.-

- Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

- O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos

xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre si o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias pódase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

FINALIDADE.-

- Constitúe o **obxecto do convenio** de colaboración a cesión de uso gratuíta, temporal e compartida, por parte da Diocese de Vigo-Tui á Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, do espazo coñecido como Casa Rectoral da parroquia de St^a María de Vigo situado entre as rúas caracol e San Vicente e con fachada á rúa Méndez Núñez.

- A **finalidade principal** da colaboración entre as partes era a de ofrecer de xeito temporal e mentres se realizaban na localización orixinal as reformas necesarias, un servizo de carácter permanente dirixido as familias da nosa cidade denominado **Espazo de dinamización infantil** e que vai destinado a nenos e nenas dende os 4 e ata os 12 anos de idade. O obxectivo fundamental deste espazo é a conciliación familiar e son espazos lúdico-educativos que empregan o xogo e o xoguete para procurar o desenvolvemento integral das nenas e dos nenos.

- Na Xunta de Goberno Local de data 9 de decembro de 2024 acordouse a primeira *"PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN TEMPORAL DO USO DE ESPAZO NA CASA REITORAL DA PARROQUIA DE STA MARÍA DE VIGO, UBICADO NA RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ Nº3. EXPTE. 9888/336."*

- Toda vez que está próximo o remate desta primeira prórroga e, debido as necesidades de desenrolo de novas actividades de tempo libre e dinamización infantil no centro urbano da nosa cidade por parte desta Concellería e ,ademais, non contando con espazos propios ubicados no casco vello que nos permitan ampliar de xeito sustancial a oferta de novos recursos á poboación que reside nesta zona ante unha demanda cada vez máis numerosa; propónse a sinatura dun acordo de 2ª prórroga do citado convenio ao amparo da cláusula 3ª do Convenio que di: *"- A duración do presente convenio estipúlase por un prazo de 6 meses dende a sinatura do mesmo e **podería ser prorrogado de común acordo** nas condicións e*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

termos que conveñan a ámbalas dúas partes."

- Proponse en consecuencia, unha segunda prórroga do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA "CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE S^a MARÍA DE VIGO, dende a data de finalización desta primeira prórroga e ata seis meses máis que comprenderá ata o 3 de xaneiro de 2026.

- A participación neste Convenio de colaboración enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción da cultura e de ocupación de tempo libre". O Concello de Vigo desexa dar o máximo rendemento social posible aos seus centros e instalacións culturais.

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:" Aprobar o acordo de 2^a prórroga ,por seis meses mais, do convenio colaboración entre o Concello de Vigo co BISPADO PARA TRASLADO TEMPORAL DO ESPAZO DE DINAMIZACIÓN INFANTIL DE XUVENTUDE (Lopez Mora 31) que consta anexado como borrador no presente expte 9888-336.

SEGUNDO: Aprobar o contido específico do acordo de prórroga que consta adxunto a este expte, entre D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO ECÓNOMO DIOCESANO, e Dna. YOLANDA AGUIAR CASTRO, Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo

TERCEIRO: Facultar á Dna. YOLANDA AGUIAR CASTRO, Concelleira de Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, para asinar o citado convenio".

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto

Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do patrocinio publicitario para o proxecto "Faro Educa 2025" organizado polo Faro de Vigo, S.A.U. Expte. 20585/101.
- .- Adxudicación da contratación do artista "Gente de zona" dentro do programa de espectáculos de verán "Vigo en festas 2025". Expte. 10426/335.
- .- Adxudicación da contratación do artista "Trueno" dentro do programa de espectáculos de verán "Vigo en festas 2025". Expte. 10430/335.
- .- Expediente de contratación do artista "The Black Keys" dentro do programa de espectáculos de verán "Vigo en festas 2025". Expte. 10443/335.
- .- Nomeamento de persoal funcionario interino na categoría de diplomada/o en traballo social por substitución transitoria do titular. Expte. 45451/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(409).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O PROXECTO "FARO EDUCA 2025" ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO, S.A.U. EXPTE. 20585/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 02/06/2025 e o informe de fiscalización do 05/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/06/2025, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

I.- ANTECEDENTES

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 13 de xuño de 2025, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “FARO EDUCA 2025” organizado por Faro de Vigo S.A.U.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promover e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción da educación.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 28 de abril de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante.
- Memoria e orzamento para patrocinio publicitario de “FARO EDUCA 2025”, presentada por FARO DE VIGO no Rexistro Xeral deste Concello o 16 de abril de 2025.
- Declaración acreditando os dereitos de exclusiva sobre o proxecto “FARO EDUCA”, presentada por FARO DE VIGO no Rexistro Xeral deste Concello o 16 de abril de 2025.
- Informe sobre o retorno publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2025”, elaborado por ECOVIGO PUBLICIDAD, SL, presentado no Rexistro Xeral deste Concello o 25 de abril de 2025.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 30 de abril de 2025.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 30 de abril de 2025.
- Memoria económica de data 28 de abril de 2025, relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Certificado de retención de crédito de data 30 de abril de 2025 (operación nº 12025000049865-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 30 de abril, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da elección do contratista acreditando:
 - A concorrencia dos requisitos previstos no artigo 168.a.2º da LCSP para a utilización do procedemento negociado sen publicidade por razóns de exclusiva.
 - A non restrición artificial da competencia ao seleccionalo.
 - Que non se trata dunha empresa cuxo obxecto social sexa a publicidade.
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas.
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
 - Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Prego de Cláusulas administrativas particulares, redactado pola redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos proxectos con data 2 de xuño de 2025.

II.- CONDICIÓNNS DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do contrato é o patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2025” organizado polo Faro de Vigo S.A.U.. O proxecto inclúe tres accións: Faro da Escola, Foro de Educación e Faro Educa, que de forma concreta se definen nas cláusulas 2ª e 3ª do PPTP.

Dito proxecto ten por obxectivo impulsar a educación dende diferentes puntos de vista, achegar aos nenos e nenas á prensa, involucrarse coas innovacións educativas.

O “Concello de Vigo” como patrocinador poderá incluír a súa imaxe institucional (logotipo) como impulsor da educación e dos seus valores. O proxecto “FARO EDUCA 2025”, permitirlle ao Concello resaltar a propia acción de promoción educativa, e a súa implicación coa mesma, valores que como órgano representativo da cidade quere por en coñecemento da cidadanía.

II.2.-Procedemento de adxudicación, réxime xurídico e forma de tramitación

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO, S.A.U., que ten a exclusiva do proxecto.

O artigo 168 da Lei 9/2017, ampara aqueles supostos en que por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, xa que como queda manifestado nos antecedentes, a proposta parte de maneira directa da entidade “Faro de Vigo S.A.U.”, a cal ven desenvolvendo esta actuación de maneira exclusiva.

Non consta a existencia doutros proxectos de características similares a Faro Educa 2025, que impliquen a case a totalidade dos centros educativos da área de Vigo (máis de 50) con accións tan específicas destinadas a impulsar a educación dende diferentes puntos de vista.

Cumpre sinalar que a inversión publicitaria que ofrece Faro de Vigo incorporará o logo do Concello de Vigo en cada unha das accións publicitarias recollidas no proxecto. A difusión destas accións se realiza a través do xornal “FARO DE VIGO”,

tanto na súa edición en papel como na edición dixital. A avaliación de audiencia e rendibilidade de medios indica que podería chegar ao 45,40% da poboación de Vigo e a súa área.

Polo tanto, o Órgano de Contratación, unha vez cursada e recibida a oferta da entidade fixará coa empresa “FARO DE VIGO S.A.U.” o prezo do contrato deixando constancia do mesmo no expediente e non sendo necesaria para iso a constitución da Mesa de Contratación.

En relación á proposta de patrocinio publicitario obxecto deste expediente, destácase que a mesma ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «**retorno publicitario**», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado (Faro de Vigo) permite que o patrocinador (Concello de Vigo) faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado “FARO EDUCA 2025” e tamén, como aí se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade. O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe.

Faise constar que o patrocinado FARO DE VIGO S.A.U. A36600815 non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, se non un medio de comunicación que ten como obxecto social a elaboración e distribución de contidos informativos a través de calquera tipo de soporte. En particular a edición e publicación por conta propia e allea de impresos unitarios, periódicos, revistas e publicacións dixitais e portais de información, así como a impresión e distribución. (CNAE 5813 edición de xornais).

O contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988 de 11 de novembro xeral de publicidade, modificada pola lei 29/2009 do 30 de decembro pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e creación publicitaria.

O contrato de patrocinio publicitario considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pois o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos de publicidade. Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

Formas de tramitación:

A forma de tramitación será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

O orzamento máximo de licitación é de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

Prezo con ive: **112.295,00 €**

Prezo sen ive: **92.805,79 €**

Importe 21% ive: **19.489,21 €**

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento para o ano 2025.

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.7.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado coa publicidade, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U.

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

1.- O prazo de execución

O prazo de execución iniciárase no mes de xuño (ao día seguinte da formalización do contrato) e rematará 31 de decembro de 2025.

Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 31 de decembro do mesmo ano.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10.- Responsable do Contrato

A responsable do Contrato será a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía

II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental:

- Redución de embalaxes: esta condición busca minimizar o impacto ambiental asociado á produción e eliminación dos embalaxes, así como o compromiso da entidade contratante coa sustentabilidade e a redución da súa pegada ecolóxica.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Recollida selectiva de residuos: a implantación dun sistema de recollida selectiva é fundamental para garantir que os residuos xerados durante a execución do contrato sexan xestionados axeitadamente. Isto non só facilita a reciclaxe e a recuperación de materiais, senón que tamén promove a concienciación ambiental entre a comunidade educativa.

II.13.- Solvencia

2. Segundo o establecido nos artigos 84 a 91 da Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público, sobre a acreditación da aptitude para contratar, os empresarios deberán xustificar a solvencia cos seguintes criterios:

3. - Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídosexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

4. - Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos.

II.14.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

II.15.- Referencia ao réxime de pagamento

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase mediante a presentación da correspondente factura unha vez finalizadas as accións recollidas no contrato. Antes da presentación da factura, o patrocinado deberá entregar a través do Rexistro Electrónico unha memoria descritiva das actuacións realizadas, a cal conterá:

- a) Memoria das accións relacionadas co proxecto FARO EDUCA 2025.
- b) Detalle e copia de todas as publicacións e insercións publicitarias realizadas en soporte papel vencelladas ao proxecto nas que deberá estar

incluído o logo do Concello de Vigo e que terán que corresponder co recollido na cláusula segunda e terceira do PPTP.

c) Detalle, copia ou enlace de todas as insercións realizadas onde figure o logotipo do Concello de Vigo en medios e soportes dixitais para as tres accións que conforman o proxecto, que terán que corresponder co recollido na cláusula na cláusula segunda e terceira do PPTP.

Estas accións terán que ter unha inversión publicitaria mínima de 925.686,30 €, e un retorno publicitario mínimo de 813.391,30 €. De non cumprirse as accións publicitarias especificadas, detraerase do prezo a aboar ao contratista o importe equivalente á porcentaxe non cumprida.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) GE0000575 – Servizos Económicos
- b) L01360577 – Concello de Vigo
- c) GE0000668 – órganos de Goberno

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2025”.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía con data 30 de abril de 2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área do Servizo de Contratación, con data 2 de xuño de 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de **92.805,79 €**

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(410).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO ARTISTA "GENTE DE ZONA" DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN "VIGO EN FESTAS 2025". EXPTE. 10426/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 05/06/2025i, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/06/2025, asinado pola técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista "Gente de Zona" (10426-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de maio de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “GENTE DE ZONA” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 169.400,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 140.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 30 de maio de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Terceiro.- O 2 de xuño de 2025 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 3 de xuño de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma”.*

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 3 de xuño de 2025 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Gente de Zona” (10426-335) por un prezo total de 169.400,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 29.400,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(411).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO ARTISTA "TRUENO" DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN "VIGO EN FESTAS 2025". EXPTE. 10430/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 05/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/06/2025, asinado pola técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa do servizo de Festas, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista "Trueno" (10430-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de maio de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista "TRUENO" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 21 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 289.190,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 239.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 30 de maio de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Terceiro.- O 2 de xuño de 2025 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 3 de xuño de 2025, reuníronse a xefa do Servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma”.*

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o

cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 3 de xuño de 2025 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “Trueno” (10430-335) por un prezo total de 289.190,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.190,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

21(412).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARTISTA "THE BLACK KEYS" DENTRO DO PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN "VIGO EN FESTAS 2025". EXPTE. 10443/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 03/06/2025 e o informe de fiscalización do 05/06/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/05/2025, asinado pola xefa do servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 23 de maio de 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista **"THE BLACK KEYS"** dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 23 de maio de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto

contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2025”.

- O 21 de novembro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2025”, no marco do expediente 10333-335.
- Con data 21 de maio de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha segunda programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da artista “THE BLACK KEYS”.
- Memoria económica de data 23 de maio de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 26 de maio de 2025 (operación nº 12025000065419-RC).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 27 de maio de 2025.
- Memoria xustificativa, de data 27 de maio de 2025, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 29 de maio de 2025 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 29 de maio de 2025, escrito de 20 de maio de 2025 asinado por Justin Koopmans (manager) e Patrick Carney (artista) no que declaran que a axencia Creative Artist Agency (CAA) ostenta os dereitos para a xira mundial do artista “THE BLACK KEYS”, así como que o artista actuará no Auditorio de Castrelos o día 21 de xullo de 2025. Consta acreditado que esta axencia cede en exclusiva os dereitos do Artista ao promotor Carlos Goyarrola Ispizua para o citado concerto, en escrito de 15 de maio de 2025. A súa vez, D. Carlos Gayarrola Ispizua cede os dereitos para esta actuación a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., en documento de data 6 de abril de 2025. Consta tamén acreditado o poder de representación de D. Jesus Ignacio Teijeira Rodríguez para actuar en nome e representación de ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, SL. en escritura pública de 26 de marzo de 2015 outorgada ante o notario D. Joaquín López Doval.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 29 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE EXITO SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “THE BLACK KEYS” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2025”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 27 de maio de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 29 de maio de 2025.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 479.765,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 396.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(413).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE DIPLOMADA/O EN TRABAJO SOCIAL POR SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO TITULAR. EXPTE. 45451/220.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 02/06/2025 e o informe-proposta de data 28/05/2025, asinado pola técnica de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Polo Servizo de Benestar Social solicítase persoal interino en substitución da traballadora NP 82986, Diplomada en traballo social, que actualmente segundo informe do secretario xeral da Sección Sindicar do sindicato CCOO, está dedicando a totalidade da súa xornada laboral á acción sindical utilizando as súas horas como delegada electa e horas cedidas por outros membros da Sección sindical de CCOO (trámite 24 do expediente).

II.- Consta incorporado ao expediente, informe de verificación da previa da oficina administrativa da Área de Recursos Humanos e Formación, no que se recolle o seguinte entre outros:

“(…) De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e modificados pola XGL de data 20/05/2022, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como diplomado/a traballos sociais á candidata que se relaciona a continuación, que aceptou o nomeamento e presentou mediante rexistro electrónico a documentación requirida para o efecto, de ser válida a acreditación da súa titulación académica:

B. MARTÍNEZ FERNÁNDEZ con DNI ***3412**

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”

III.- En data 26/05/2025, a técnica de Avaliación e Formación emitiu informe de cuantificación económica.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.”** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma. No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de

abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

No presente caso o servizo de Benestar Social solicita persoal interino en substitución da traballadora NP 82986, Diplomada en traballo social, que actualmente está adicando toda a xornada laboral á acción sindical utilizando as súas horas como delegada electa e horas cedidas por outros membros da sección sindical CC.OO. Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria da titular durante o tempo estritamente necesario, e, en todo caso, por período máximo de tres anos.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

“Cuantificación económica custo nomemamento interino 1 efectivo na categoría de Diplomado Traballo Social, por substitución transitoria do titular – art. 10.1 b) do TREBEP,

*Custo Posto 105 Período **01/06/2025-31/12/2025***

Aplicación orzamentaria Retribucións: 92001400000 : 25206,97 €

Aplicación orzamentaria Seguridade Social empresa: 92001600099. Importe 7167,51 €

Cuantificación económica custo nomemamento interino 1 efectivo na categoría de Diplomado Traballo Social, por substitución transitoria do titular – art. 10.1 b) do TREBEP,

*Custo Posto 105 Período **01/06/2025-31/12/2025***

Aplicación orzamentaria Retribucións: 92001400000 : 25206,97 €

Aplicación orzamentaria Seguridade Social empresa: 92001600099. Importe 7167,51 €

SALARIO BASE MENSUAL	CD 25	PAGAS EX- C ESPECÍFI- TRA XUÑO-			S.S. EMPRESA	TOTAL
		CO 690	DIC			
1.147,35 €	741,15 €	1.283,76 €	836,78 €		1023,93	
8.031,45 €	5.929,20 €	10.270,08 €	976,24 €		7.167,51 €	32.374,48 €

Aplicación orzamentaria Retribucións: 92001400000 : 25206,97 €

Aplicación orzamentaria Seguridade Social empresa: 92001600099. Importe 7167,51 €

No caso de manterse o nomeamento no ano 2026 e seguintes, deberán efectuarse os oportunos AFUTs nos exercicios orzamentarios correspondentes”.

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excma. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024.

VIII.- PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Diplomada en Traballo Social
- Modalidade legal: persoal funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP):
 - substitución da traballadora NP 82986, Diplomada en traballo social, que actualmente está adicando toda a xornada laboral á acción sindical utilizando



CONCELLO DE VIGO

Expte.1908 /1102

as súas horas como delegada electa e horas cedidas por outros membros da sección sindical CC.OO.

- Destino: Servizo de Benestar Social.
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario durante a substitución da titular, coa duración contemplada na normativa vixente, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP, sen que, en ningún, caso a duración poida superar o período de tres anos de duración.
- Custe económico:

SALARIO BASE MENSUAL	CD 25	PAGAS EX- C ESPECÍFI- TRA XUÑO-		S.S. EMPRESA	TOTAL
		CO 690	DIC		
1.147,35 €	741,15 €	1.283,76 €	836,78 €	1023,93	
8.031,45 €	5.929,20 €	10.270,08 €	976,24 €	7.167,51 €	32.374,48 €

Aplicación orzamentaria Retribucións: 92001400000 : 25206,97 €

Aplicación orzamentaria Seguridade Social empresa: 92001600099. Importe 7167,51 €

- Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Diplomada en Traballo Social e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

- B. MARTÍNEZ FERNÁNDEZ con DNI ***3412**

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, ao Servizo de Benestar Social, Inspección de persoal, Intervención, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e Comité de Empresa aos efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(414).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

MEF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez